



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

• VENRES 1 DE AGOSTO DE 2003

• SUPLEMENTO NÚM. 10 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO TERCEIRO

14188 *LEI 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 169, do 16-7-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todosos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En tanto que norma pactada, o vixente convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, é susceptible de ser modificado en calquera momento por



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA

acordo de ámbalas partes dentro do marco conformado pola disposición adicional primeira da Constitución e o artigo 45 da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Ademais, a disposición adicional terceira do convenio económico prevé que, en caso de se producir unha reforma substancial no ordenamento xurídico tributario do Estado, ámbalas administracións procederán, de común acordo, á adaptación do referido convenio ás modificacións que experimentasen os tributos convidos.

Recentemente son dúas as circunstancias que determinaron modificacións substanciais no ordenamento xurídico tributario do Estado, como son: dun lado, a articulación do principio de corresponsabilidade fiscal no ámbito das comunidades autónomas de réxime común, o que determinou a introducción de importantes modificacións no réxime dos tributos do Estado cedidos a estas comunidades autónomas, modificacións estas levadas a cabo pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, e pola Lei 21/2001, do 27 de decembro; doutro, a creación do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, de implantación levada a cabo pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Pola súa vez, ámbalas circunstancias sitúanse nun contexto de conveniente xeneralización do proceso de profundización na autonomía tributaria, o que aconsella a introducción das oportunas modificacións no convenio económico.

Por todo iso, ámbalas administracións, de común acordo, procederon á reforma do convenio económico, adoptado o correspondente acordo pola comisión negociadora do convenio económico o 22 de xaneiro de 2003.

Artigo único.

Apróbase a reforma do vixente convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, e conforme o establecido no artigo 45 da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, e na disposición adicional terceira do citado convenio económico. O texto íntegro do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, unha vez modificado, figura como anexo a esta lei.

Disposición adicional única.

Dáselle nova redacción ó número 1 da disposición derradeira quinta da Lei 18/2001, do 13 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que quedará redactado como segue:

«1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.»

Disposición derogatoria única.

A partir da entrada en vigor desta lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ó seu contido.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

ANEXO

ACORDOS DA COMISIÓN NEGOCIADORA
DO CONVENIO ECONÓMICO
ACTA NÚMERO 1/2003

Acordo primeiro

Aproba-la reforma do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, nos termos seguintes:

a nova redacción que se lles debe dar ós artigos 2.º, 3.º, 7.º, 8.º, 9.º, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 28, 29, 30, 31, 32, 34, 35, 36, 38, 40, 45, 48 e 61; disposicións adicionais primeira, segunda, cuarta e sexta; disposicións transitorias primeira, terceira, cuarta, quinta, sexta e oitava; disposición derradeira; e disposición derogatoria;

a adición dos artigos 62 (antigo 56), 63 (antigo 57), 64 (antigo 58), 65 (antigo 59), 66 (antigo 60) e 67; e as disposicións adicionais sétima e oitava;

a nova numeración dos artigos 18, 20, 27, 33, 37, 39, 41, 42, 43, 44, 46, 47, 49, 50, 51, 52, 53, 54 e 55 que pasan, respectivamente, a 20, 22, 32, 39, 42, 44, 47, 48, 49, 50, 52, 53, 55, 56, 57, 58, 59, 60 e 61; e da disposición transitoria cuarta que pasa a transitoria segunda e

a supresión das disposicións transitorias novena e décima.

Acordo segundo

Como consecuencia da incorporación das modificacións recollidas no número anterior, o texto íntegro do convenio económico resultante figura no documento anexo I a esta acta.

**CONVENIO ECONÓMICO ENTRE O ESTADO
E A COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA**

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Potestades de Navarra.*

En virtude do seu réxime foral, Navarra ten potestade para manter, establecer e regula-lo seu propio réxime tributario. No exercicio da súa actividade financeira corresponden a Navarra as competencias que se lle recoñecen na Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Artigo 2. *Potestade tributaria.*

1. No exercicio da potestade tributaria a que se refire o artigo anterior, a Comunidade Foral de Navarra deberá respectar:

a) Os criterios de harmonización do réxime tributario de Navarra co réxime xeral do Estado establecidos neste convenio económico.

b) As competencias que, conforme o disposto neste convenio económico, lle correspondan ó Estado.

c) Os tratados ou convenios internacionais subscritos polo Estado, en especial os asinados para evita-la

dobre imposición, así como as normas de harmonización fiscal da Unión Europea, debendo asumilas devolucións que proceda practicar como consecuencia da aplicación de tales convenios e normas.

d) O principio de solidariedade a que se refire o artigo 1.º da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

e) As institucións, facultades e competencias do Estado inherentes á unidade constitucional, segundo o disposto no artigo 2.º da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

2. A Comunidade Foral de Navarra poderá establecer tributos distintos dos convidados respectando os principios establecidos no número 1 anterior e os criterios de harmonización recollidos no artigo 7.º deste convenio.

Artigo 3. *Competencias exclusivas do Estado.*

1. Corresponderalle, en todo caso, ó Estado a regulación, xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos dereitos de importación e os gravames á importación nos impostos especiais e no imposto sobre o valor engadido.

2. Quedará sempre a salvo a alta inspección do Estado, en garantía das facultades que se lle reservan neste convenio económico.

Artigo 4. *Facultades e prerrogativas da Facenda Pública de Navarra.*

Para a exacción, xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos tributos propios da Comunidade Foral, a Facenda Pública de Navarra posuirá as mesmas facultades e prerrogativas que ten recoñecidas a Facenda Pública do Estado.

Artigo 5. *Coordinación.*

1. O Estado e a Comunidade Foral de Navarra colaborarán na aplicación dos seus respectivos réximes tributarios e, para tal fin, facilitaranse mutuamente as informacións e axudas necesarias.

2. O Estado arbitrará os mecanismos que permitan a colaboración da Comunidade Foral de Navarra nos acordos internacionais que incidan na aplicación do presente convenio económico.

Artigo 6. *Modificación.*

Calquera modificación deste convenio económico deberase axustar ó mesmo procedemento seguido para a súa elaboración e aprobación.

O mesmo procedemento se deberá seguir para harmoniza-lo réxime tributario de Navarra cos novos tributos que o Estado poida establecer no futuro.

TÍTULO I

Harmonización tributaria

CAPÍTULO I

Normas comúns

Artigo 7. *Criterios xerais de harmonización.*

A Comunidade Foral de Navarra, na elaboración da normativa tributaria:

a) Adecuarase á Lei xeral tributaria en canto a terminoloxía e conceptos, sen prexuízo das peculiaridades establecidas neste convenio.

b) Establecerá e manterá unha presión fiscal efectiva global equivalente á existente no resto do Estado.

c) Respetará e garantizará a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens, capitais e servicios en todo o territorio español, sen que se produzan efectos discriminatorios.

d) Utilizará a mesma clasificación de actividades gandeiras, mineiras, industriais, comerciais, de servicios, profesionais e artísticas que en territorio común, sen prexuízo da maior desagregación que delas poida levar a cabo a Comunidade Foral.

Artigo 8. *Domicilio fiscal e residencia habitual.*

1. Para os efectos deste convenio entenderanse domiciliadas fiscalmente en Navarra:

a) As persoas físicas que teñan a súa residencia habitual en territorio navarro.

b) As persoas xurídicas que teñan en Navarra o seu domicilio social, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, cando se realice en Navarra esta xestión e dirección. Nos supostos en que non se poida establece-lo lugar do domicilio de acordo con estes criterios, atenderase ó territorio onde radique o maior valor do seu inmovilizado.

c) Os entes sen personalidade xurídica cando a súa xestión e dirección se efectúen en Navarra. Se con este criterio fose imposible determina-lo seu domicilio fiscal, atenderase ó territorio onde radique o maior valor do seu inmovilizado.

d) Os establecementos permanentes cando a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios se efectúen en Navarra. Nos supostos en que non se poida establece-lo lugar do domicilio de acordo con este criterio, atenderase ó territorio onde radique o maior valor do seu inmovilizado.

2. Para os efectos deste convenio, entenderase que as persoas físicas residentes en territorio español teñen a súa residencia habitual en territorio navarro, aplicando sucesivamente as seguintes regras:

1.ª Cando permanezan neste territorio o maior número de días:

a) Do período impositivo, no imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Do ano inmediato anterior, contado de data a data, que finalice o día anterior ó de devengo, no imposto sobre sucesións e doazóns, no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e no imposto especial sobre determinados medios de transporte.

Para determina-lo período de permanencia computarase as ausencias temporais.

Salvo proba en contrario, considerarase que unha persoa física permanece en territorio navarro cando radique nel a súa vivenda habitual.

2.ª Cando teñan neste territorio o seu principal centro de intereses, considerándose como tal o territorio onde obteñan a maior parte da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, excluíndose, para estes efectos, os rendementos e incrementos de patrimonio derivados do capital mobiliario.

3.ª Cando sexa este o territorio da súa última residencia declarada para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Así mesmo, considerarase que teñen a súa residencia habitual en territorio navarro:

a) As persoas físicas residentes en territorio español, que non permanezan neste territorio máis de 183 días

durante o ano natural, cando en Navarra radique o núcleo principal ou a base das súas actividades empresariais ou profesionais ou dos seus intereses económicos.

b) Cando se presuma que unha persoa física é residente en territorio español, por te-la súa residencia habitual en Navarra o seu cónxuxe non separado legalmente e os fillos menores de idade que dependan daquel.

CAPÍTULO II

Impostos directos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 9. *Exacción pola Comunidade Foral de Navarra.*

1. Correspóndelle á Comunidade Foral a exacción do imposto sobre a renda das persoas físicas dos suxeitos pasivos que teñan a súa residencia habitual en Navarra.

2. Cando non tódolos suxeitos pasivos integrados nunha unidade familiar tivesen a súa residencia habitual en territorio navarro e optasen pola tributación conxunta, corresponderalle á Comunidade Foral a exacción do imposto se no seu territorio reside o membro desta unidade con maior base liquidable, calculada conforme a súa respectiva normativa.

Artigo 10. *Retencións e ingresos á conta por rendementos do traballo.*

1. As retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, serán esixidos, conforme a súa propia normativa, pola Comunidade Foral cando correspondan ós que a continuación se sinalan:

a) Os procedentes de traballos ou servizos que se presten en Navarra.

No suposto de que os traballos ou servizos se presten en territorio común e navarro, presumirase, salvo proba en contrario, que os servizos se prestan en Navarra, cando se localice neste territorio o centro de traballo ó que estea adscrito o traballador.

b) As retribucións correspondentes ós funcionarios e empregados en réxime de contratación laboral ou administrativa da Comunidade Foral e das entidades locais de Navarra e dos seus organismos autónomos.

c) Os rendementos dos traballadores de empresas de transporte que realicen o seu traballo en ruta, cando a empresa pagadora teña o seu domicilio fiscal en Navarra.

d) As pensións, incluídas aquelas de dereito xerado por persoa distinta do perceptor, e haberes pasivos, aboados pola Comunidade Foral e entidades locais de Navarra.

e) As pensións, haberes pasivos e prestacións percibidas dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas, Instituto Nacional de Emprego, mutualidades, fondos de promoción de emprego, plans de pensións, entidades de previsión social voluntaria, así como as prestacións pasivas de empresas e outras entidades, cando o perceptor teña a súa residencia habitual en Navarra.

f) As retribucións que, na súa condición de tales, perciban os presidentes e vocais dos consellos de administración e xuntas que fagan as súas veces en toda clase de entidades, cando a entidade pagadora tribute exclusivamente á Comunidade Foral polo imposto sobre sociedades.

Cando a entidade pagadora sexa suxeito pasivo do imposto sobre sociedades esixible polo Estado e a Comu-

nidade Foral, a retención corresponderalles a ámbalas administracións en proporción ó volume de operacións efectuado en cada territorio, conforme o previsto no artigo 21 deste convenio. Estas retencións esixiranse, conforme a normativa foral ou común, segundo que á entidade pagadora lle resulte de aplicación a normativa foral ou común do imposto sobre sociedades, e a inspección realizarana os órganos da Administración que corresponda por aplicación deste mesmo criterio. Non obstante o anterior, as normas relativas ó lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións-liquidacións serán as establecidas pola Administración competente para a súa exacción.

2. Corresponderanlle á Administración do Estado as retencións relativas ás retribucións, tanto activas como pasivas, incluídas as pensións xeradas por persoa distinta do perceptor, satisfeitas por aquela ós funcionarios e empregados en réxime de contratación laboral ou administrativa, do Estado.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os funcionarios e empregados de organismos autónomos e entidades públicas empresariais.

3. O importe das retencións que, en virtude do disposto na letra b) do número 1 e no número 2 deste artigo, correspondan a unha ou outra Administración será tomado en conta para efectos da achega económica.

Artigo 11. *Retencións e ingresos á conta por rendementos de actividades empresariais e profesionais.*

A Comunidade Foral, conforme a súa propia normativa, esixirá as retencións e os ingresos á conta relativos a actividades empresariais e profesionais cando a persoa ou entidade obrigada a efectuar a retención ou o ingreso á conta teña o seu domicilio fiscal en territorio navarro.

En calquera caso, estas retencións e ingresos á conta serán esixidos pola Administración do Estado ou pola da Comunidade Foral cando correspondan a rendementos por elas satisfeitos.

Artigo 12. *Retencións e ingresos á conta por rendementos do capital mobiliario.*

1. As retencións e ingresos á conta relativos a rendementos do capital mobiliario, salvo os supostos recollidos no número 2 deste artigo, serán esixidos pola Comunidade Foral, conforme a súa propia normativa, cando a retención ou o ingreso á conta os realicen suxeitos pasivos do imposto sobre a renda das persoas físicas que tributen a Navarra ou por entidades que tributen exclusivamente a ela polo imposto sobre sociedades.

Tratándose de suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades esixible polo Estado e pola Comunidade Foral, a retención corresponderalles a ámbalas administracións en proporción ó volume de operacións efectuado en cada territorio, conforme o previsto no artigo 21 deste convenio. Estas retencións esixiranse conforme a normativa foral ou común, segundo que á entidade redevora lle resulte de aplicación a normativa foral ou común do imposto sobre sociedades, e a inspección realizarana os órganos da Administración que corresponda por aplicación deste mesmo criterio. Non obstante o anterior, as normas relativas ó lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións-liquidacións serán as establecidas pola Administración competente para a súa exacción.

2. Así mesmo, corresponderanlle á Comunidade Foral, conforme a súa propia normativa, as retencións e os ingresos á conta dos seguintes rendementos:

a) Os satisfeitos pola Comunidade Foral, entidades locais e demais entes da Administración territorial e institucional de Navarra.

b) Os xuros e demais contraprestacións de operacións pasivas dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito e demais entidades ou institucións financeiras, así como das efectuadas en calquera outro establecemento de crédito, cando o perceptor do rendemento teña o seu domicilio fiscal en Navarra.

c) Os derivados de operacións de capitalización e de contratos de seguros de vida ou invalidez, cando o seu beneficiario ou o tomador do seguro en caso de rescate teña o seu domicilio fiscal en Navarra.

d) As rendas vitalicias e outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, cando o seu beneficiario teña o seu domicilio fiscal en Navarra.

e) Os rendementos procedentes da propiedade intelectual cando non sexa suxeito pasivo o autor, así como en calquera caso os da propiedade industrial e da prestación de asistencia técnica, cando a persoa ou entidade que os satisfaga estea domiciliada fiscalmente en Navarra.

f) Os procedentes do arrendamento de bens, dereitos, negocios ou minas e análogos, cando estean situados en territorio navarro.

3. Corresponderanlle, en todo caso, á Administración do Estado as retencións e ingresos á conta correspondentes ós rendementos satisfeitos por ela, así como polas comunidades autónomas, corporacións de territorio común e demais entes das súas administracións territoriais e institucionais.

Artigo 13. *Outros pagamentos á conta.*

1. As retencións e ingresos á conta correspondentes a rendementos derivados do arrendamento e subarrendamento de bens inmoebles serán esixidos, conforme a súa propia normativa, pola Comunidade Foral, cando o obrigado a reter ou a ingresar á conta teña o seu domicilio fiscal en Navarra.

2. As retencións e ingresos á conta por cantidades aboadas a entidades e que, en virtude do réxime de imputación de rendas, se lles deban imputar a contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas serán esixidos, conforme a súa respectiva normativa, pola Administración do territorio no que o obrigado a reter ou a ingresar á conta teña o seu domicilio fiscal.

Artigo 14. *Retencións e ingresos á conta por determinados incrementos de patrimonio.*

1. As retencións e ingresos á conta relativos ós incrementos de patrimonio derivados da transmisión ou reembolso de accións e participacións de institucións de investimento colectivo serán esixidos, conforme a súa propia normativa, pola Comunidade Foral cando o accionista ou participe teña o seu domicilio fiscal en Navarra.

2. As retencións e ingresos á conta correspondentes a premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos, serán esixidos, conforme a súa propia normativa, pola Comunidade Foral cando o pagador destes teña o seu domicilio fiscal en territorio navarro. En calquera caso, serán esixidos pola Administración do Estado ou pola Comunidade Foral cando correspondan a premios por elas satisfeitos.

Artigo 15. *Pagamentos fraccionados.*

Os pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas serán esixidos, conforme a súa respectiva normativa, pola Administración que resulte competente para a exacción do dito imposto, de acordo coas normas do artigo 9 deste convenio.

Artigo 16. *Eficacia dos pagamentos á conta. Retencións e ingresos á conta correspondentes a ámbalas administracións.*

1. Para efectos da liquidación do imposto sobre a renda do perceptor, terán validez respecto deste os pagamentos á conta que se realizasen nun ou noutro territorio, sen que isto implique, no caso de que estes se ingresasen en Administración non competente, a renuncia da outra á percepción da cantidade a que tivese dereito, podendo reclamala á Administración na que se ingresase indebidamente.

2. Cando, a teor do establecido nos artigos 10, 12, 25 e 30 deste convenio, as retencións e os ingresos á conta correspondan a ámbalas administracións en función do volume de operacións, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación efectuada polo imposto sobre sociedades, sen que proceda realizar regularización final.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, no primeiro exercicio da actividade, a distribución que, de se-lo caso, proceda entre ámbalas administracións efectuarase en función das operacións que se prevexa realizar en cada territorio, sen prexuízo da regularización final correspondente.

SECCIÓN 2.^a IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

Artigo 17. *Exacción pola Comunidade Foral de Navarra.*

1. Corresponderalle á Comunidade Foral a exacción do imposto sobre o patrimonio nos mesmos supostos nos que sexa competente para a exacción do imposto sobre a renda das persoas físicas, con independencia do lugar onde radiquen os bens ou se poidan exercer os dereitos.

2. Tratándose de suxeitos pasivos por obriga real de contribuír, será competente a Comunidade Foral para a exacción do imposto cando o maior valor de bens e dereitos corresponda ós que radiquen en territorio navarro ou se teñan que exercer ou cumprir neste territorio.

Cando o non residente que tivese a súa última residencia en Navarra opte por tributar conforme a obriga persoal, poderao facer en territorio común ou foral conforme a súa respectiva normativa.

SECCIÓN 3.^a IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 18. *Normativa aplicable.*

1. Os suxeitos pasivos que tributen exclusivamente á Comunidade Foral de Navarra, consonte os criterios que se sinalan no artigo seguinte, aplicarán a normativa foral navarra.

2. Os suxeitos pasivos que tributen conxuntamente a ámbalas administracións aplicarán a normativa correspondente á Administración do seu domicilio fiscal. Non obstante, os suxeitos pasivos que, tendo o seu domicilio fiscal en Navarra, realizasen no exercicio anterior en territorio de réxime común o 75 por cento ou máis das súas operacións totais, de acordo cos puntos de conexión que se establecen nos artigos 19, 20 e 21 seguintes, quedarán sometidos á normativa do Estado.

Artigo 19. *Exacción do imposto.*

1. Correspóndelle á Comunidade Foral de Navarra a exacción do imposto sobre sociedades dos seguintes suxeitos pasivos:

a) Os que teñan o seu domicilio fiscal en Navarra e o seu volume total de operacións no exercicio anterior non excedese de seis millóns de euros.

b) Os que operen exclusivamente en territorio navarro e o seu volume total de operacións no exercicio anterior excedese de seis millóns de euros, calquera que sexa o lugar no que teñan o seu domicilio fiscal.

2. Os suxeitos pasivos que operen en ámbolos territorios e cun volume total de operacións no exercicio anterior que excedese de seis millóns de euros, tributarán conxuntamente a ámbalas administracións, calquera que sexa o lugar en que teñan o seu domicilio fiscal. A tributación efectuarase en proporción ó volume de operacións realizado en cada territorio durante o exercicio, determinado de acordo cos puntos de conexión que se establecen nos artigos 20 e 21 seguintes.

3. Para efectos do disposto nos números 1 e 2 anteriores, no suposto de inicio da actividade, para o cómputo da cifra de seis millóns de euros atenderase ó volume das operacións realizadas no exercicio inicial.

Ata que se coñezan o volume e o lugar de realización das operacións a que se refire o parágrafo anterior, tomaranse como tales, para tódolos efectos, os que o suxeito pasivo considere en función das operacións que preveza realizar durante o exercicio de inicio da actividade.

4. No suposto de que o exercicio tivese unha duración inferior ó ano, para o cómputo da cifra de seis millóns de euros, as operacións realizadas elevaranse ó ano.

5. Entenderase como volume de operacións o importe total das contraprestacións, excluído o imposto sobre o valor engadido e a recarga de equivalencia, de se-lo caso, obtida polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servicios realizadas na súa actividade.

Artigo 20. *Operacións nun ou outro territorio.*

Para os efectos previstos no artigo anterior, entenderase que un suxeito pasivo opera nun ou outro territorio cando, de acordo cos criterios establecidos no artigo seguinte, realice neles entregas de bens ou prestacións de servicios.

Terán a consideración de entregas de bens e prestacións de servicios as operacións definidas como tales na lexislación reguladora do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 21. *Lugar de realización das operacións.*

Entenderanse realizadas en Navarra as operacións seguintes:

A) Entregas de bens.

1.º As entregas de bens mobles corporais fabricados ou transformados por quen efectúa a entrega, cando os centros fabrís ou de transformación do suxeito pasivo estean situados en territorio navarro.

Cando o mesmo suxeito pasivo teña centros fabrís ou de transformación en territorio navarro e común, se o último proceso de fabricación ou transformación dos bens entregados ten lugar en Navarra.

2.º Se se trata de entregas con instalación de elementos industriais fóra de Navarra, entenderanse realizadas en territorio navarro se os traballos de preparación e fabricación se efectúan no dito territorio e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por cento do total da contraprestación.

Correlativamente, non se entenderán realizadas en territorio navarro as entregas de elementos industriais con instalación no dito territorio, se os traballos de preparación e fabricación de tales elementos se efectúan en territorio común e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por cento do total da contraprestación.

3.º As entregas realizadas polos produtores de enerxía eléctrica, cando radiquen en territorio navarro os seus centros xeradores.

4.º As demais entregas de bens mobles corporais, cando se realice desde territorio navarro a posta á disposición do adquirente. Cando os bens deban ser obxecto de transporte para a súa posta á disposición do adquirente, as entregas entenderanse realizadas no lugar en que se encontren aqueles ó tempo de iniciarse a expedición ou o transporte.

5.º As entregas de bens inmobles cando estean situados en territorio navarro.

B) Prestacións de servicios.

1.º As prestacións de servicios entenderanse realizadas en Navarra cando se efectúen desde este territorio.

2.º Exceptúanse do disposto no número anterior as prestacións directamente relacionadas con bens inmobles, as cales se entenderán realizadas en Navarra cando estes bens radiquen en territorio navarro.

3.º Así mesmo, exceptúanse do disposto nos puntos anteriores as operacións de seguro e capitalización, respecto das cales se aplicarán as regras contidas no artigo 37 deste convenio económico.

C) Non obstante o disposto nas letras A) e B) anteriores, entenderanse realizadas en Navarra as operacións que a continuación se especifican, cando o suxeito pasivo que as realice teña o seu domicilio fiscal en territorio navarro:

1.º As entregas realizadas por explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras e armadores de buques de pesca, de produtos naturais non sometidos a procesos de transformación que procedan directamente dos seus cultivos, explotacións ou capturas.

2.º Os servicios de transporte, incluso os de mudanza, remolque e guindastre.

3.º Os arrendamentos de medios de transporte.

D) As operacións que, consonte os criterios establecidos neste artigo, se consideren realizadas no estranxeiro atribuiranse, de se-lo caso, a unha ou outra Administración en igual proporción que o resto das operacións.

E) As entidades que non realicen as operacións previstas no artigo anterior tributarán a Navarra cando teñan o seu domicilio fiscal en territorio navarro.

Artigo 22. *Xestión do imposto nos supostos de tributación a ámbalas administracións.*

En relación coa xestión do imposto, nos casos de tributación ás dúas administracións, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a O resultado das liquidacións do imposto imputaráselles ás administracións do Estado e de Navarra en proporción ó volume de operacións realizadas nun e outro territorio, en cada período impositivo, de acordo co establecido nos artigos 20 e 21 deste convenio.

2.^a Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións presentarán na Delegación de Facenda que corresponda e na Administración da Comunidade Foral de Navarra, dentro dos prazos e coas formalidades regulamentarias, os documentos que determinen as disposicións vixentes e as declaracións-liquidacións procedentes, nas que constarán, en todo caso, a proporción aplicable e as cotas ou devolucións que resulten ante cada unha das administracións.

3.^a As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas administracións na proporción que a cada unha lle corresponda.

Artigo 23. Inspección.

A inspección realizarase de acordo cos seguintes criterios:

1.º A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar exclusivamente á Administración da Comunidade Foral de Navarra ou á Administración do Estado, levaraa a cabo a inspección dos tributos de cada unha delas.

2.º A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar ás dúas administracións realizarase de acordo coas seguintes regras:

1.ª Se os suxeitos pasivos teñen o seu domicilio fiscal en territorio común, a inspección será realizada polos órganos da Administración do Estado, que regularizarán a situación tributaria do suxeito pasivo, incluíndo a proporción de tributación que lles corresponda ás dúas administracións competentes.

2.ª Se os suxeitos pasivos teñen o seu domicilio fiscal en territorio navarro, a inspección será realizada polos órganos competentes da Administración da Comunidade Foral de Navarra, sen prexuízo da colaboración da Administración do Estado, e producirá efectos fronte ás administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que lles corresponda.

No caso de que o suxeito pasivo realizase no exercicio anterior en territorio de réxime común o 75 por cento ou máis das súas operacións totais, de acordo cos puntos de conexión que se establecen nos artigos 19, 20 e 21 anteriores, será competente a Administración do Estado, sen prexuízo da colaboración da Administración da Comunidade Foral.

3.ª As actuacións inspectoras axustaranse á normativa da Administración competente, de acordo co previsto nas regras anteriores.

Se, como consecuencia destas actuacións, resultase unha débeda para ingresar ou unha cantidade para devolver que corresponda a ámbalas administracións, o cobramento ou pagamento correspondente será efectuado pola Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. A Administración competente comunicarlle os resultados das súas actuacións á Administración afectada. Para estes efectos establecerase un procedemento para que a débeda resultante das actuacións de comprobación e investigación sexa percibida pola Administración á que lle corresponda.

4.ª O establecido nas regras anteriores entenderase sen prexuízo das facultades que lle corresponden no seu territorio á Administración da Comunidade Foral de Navarra en materia de comprobación e investigación, sen que as súas actuacións poidan ter efectos económicos fronte ós contribuíntes en relación coas liquidacións definitivas practicadas como consecuencia de actuacións dos órganos das administracións competentes.

5.ª As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente producirán efectos fronte ó suxeito pasivo en relación coas obrigas liquidadas, sen prexuízo das que, con posterioridade a estas comprobacións, se acorden con carácter definitivo entre ámbalas administracións.

Artigo 24. Pagamento á conta do imposto nos supostos de tributación a ámbalas administracións.

1. Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións ingresarán nelas o pagamento á conta do imposto cando aquel sexa esixible, en proporción ó volume de operacións realizado en cada territorio. Para estes efectos, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación do imposto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderase aplicar, logo de comunicación á comisión coordinadora, unha proporción diferente nos seguintes supostos:

a) Fusión, escisión, achega de activos e cambio de valores.

b) Inicio, cesamento, ampliación ou redución de actividade en territorio común ou foral que implique unha variación significativa da proporción calculada segundo o criterio especificado no primeiro parágrafo deste número.

En todo caso, considerarase que a variación é significativa cando supoña a alteración de 15 ou máis puntos porcentuais na proporción aplicable a calquera dos territorios.

2. O pagamento á conta efectivamente satisfeito a cada Administración deducirase da parte da cota que corresponda a cada unha delas.

Artigo 25. Retencións na fonte e ingresos á conta do imposto sobre sociedades.

Serán de aplicación ás retencións na fonte e ingresos á conta do imposto sobre sociedades os criterios establecidos para tal efecto neste convenio para o imposto sobre a renda das persoas físicas, así como o previsto no artigo 16 respecto da eficacia dos pagamentos á conta realizados nunha ou outra Administración.

Artigo 26. Entidades en réxime de imputación e atribución de rendas.

1. Ás entidades en réxime de imputación de rendas aplicaráselle-las normas establecidas nos artigos anteriores. Para a exacción do imposto correspondente ás rendas imputadas ós seus socios teranse en conta as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non residentes ou do imposto sobre sociedades, segundo o imposto polo que tributen.

2. Nos supostos de atribución de rendas, a xestión e inspección dos entes sometidos a este réxime corresponderalle á Administración do seu domicilio fiscal.

Para a exacción da renda atribuída ós seus socios, comuneiros ou partícipes aplicaranse as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre a renda de non residentes ou do imposto sobre sociedades, segundo o imposto polo que tributen.

Artigo 27. Réxime tributario das agrupacións, unións temporais e grupos fiscais.

1. O réxime tributario das agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas corresponderalle a Navarra cando a totalidade das entidades que as integren estean sometidas á normativa foral.

Estas entidades imputaranlles ós seus socios a parte correspondente do importe das operacións realizadas nun e outro territorio, que será tomada en conta por estes para determina-la proporción das súas operacións.

2. Para determina-la tributación dos grupos fiscais aplicaranse as seguintes regras:

1.ª O réxime de consolidación fiscal será o correspondente ó da Comunidade Foral cando a sociedade dominante e tódalas dependentes estivesen suxeitas á normativa foral en réxime de tributación individual. Para estes efectos, a sociedade dominante poderá excluír do grupo as dependentes que estivesen suxeitas á normativa común, as cales tributarán individualmente para tódolos efectos conforme o sinalado nos artigos anteriores.

En todo caso, aplicarase idéntica normativa á establecida en cada momento polo Estado para a definición de grupo fiscal, sociedade dominante, sociedades dependentes, grao de dominio e operacións internas do grupo.

2.ª Nos demais casos, incluíndo os supostos nos que os grupos fiscais a que se refire a regra anterior

non exclúan as sociedades dependentes que estivesen suxeitas á normativa común, o réxime de tributación consolidada será o correspondente ó da Administración do Estado.

3. Para a aplicación do réxime de consolidación fiscal dos grupos fiscais que tributen a ámbalas administracións, seguiranse as regras seguintes:

1.^a As sociedades integrantes do grupo fiscal presentarán, de conformidade coas normas xerais, a declaración establecida para o réxime de tributación individual.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a sociedade dominante presentará a cada unha das Administracións os estados contables consolidados do grupo fiscal.

2.^a O grupo fiscal tributará a unha e outra Administración en función do volume de operacións realizado nun e outro territorio.

Para estes efectos, o volume de operacións realizado en cada territorio estará constituído pola suma ou agregación das operacións que cada unha das sociedades integrantes do grupo fiscal efectúen nel, antes das eliminacións intergrupo que procedan.

SECCIÓN 4.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES

Artigo 28. *Normativa aplicable e exacción do imposto.*

1. Na exacción do imposto sobre a renda de non residentes, a Comunidade Foral aplicará normas substantivas e formais do mesmo contido cás establecidas en cada momento polo Estado. Non obstante, a Administración da Comunidade Foral poderá aproba-los modelos de declaración e ingreso, que conterán, polo menos, os mesmos datos cós do territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Non obstante o anterior, ós establecementos permanentes domiciliados en Navarra de persoas ou entidades residentes no estranxeiro seralles de aplicación a normativa foral do imposto sobre sociedades, de acordo co establecido no artigo 18.

Cando o contribuínte exerza a opción de tributación polo imposto sobre a renda das persoas físicas por cumprir os requisitos previstos na normativa reguladora do imposto sobre a renda de non residentes, para efectos da aplicación do réxime opcional será tomada en conta a normativa foral, sempre e cando os rendementos do traballo e de actividades empresariais ou profesionais obtidos en territorio navarro representen a maior parte da renda total obtida en España. No caso de que o contribuínte teña dereito á devolución, esta será satisfeita pola Comunidade Foral, con independencia do lugar de obtención das rendas dentro do territorio español.

2. A exacción do imposto axustarase ás seguintes regras:

a) Cando se graven rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a exacción do imposto corresponderalle á Comunidade Foral no suposto de que as rendas se entendan obtidas ou producidas en Navarra por aplicación dos criterios establecidos no artigo 29 deste convenio económico.

b) Cando se graven rendas obtidas mediante establecemento permanente, a exacción do imposto corresponderá a unha ou outra Administración, ou a ambas conxuntamente, conforme as normas contidas no artigo 19.

c) A exacción do gravame especial sobre bens inmo- bles de entidades non residentes corresponderalle á Administración do Estado ou á da Comunidade Foral, segundo que o ben inmovible gravado radique en territorio común ou navarro.

Artigo 29. *Rendas obtidas en territorio navarro por residentes no estranxeiro.*

1. Para os efectos do previsto neste convenio económico, consideraranse rendas obtidas ou producidas en territorio navarro por residentes no estranxeiro as seguintes:

a) As rendas, calquera que sexa a súa clase, obtidas mediante establecementos permanentes, conforme as regras contidas no artigo 19 do presente convenio económico.

b) As rendas de explotacións económicas obtidas sen mediación de establecemento permanente cando as actividades se realicen en territorio navarro.

c) As rendas derivadas de prestacións de servicios tales como a realización de estudos, proxectos, asistencia técnica, apoio á xestión, así como de servicios profesionais, cando a prestación se realice ou se utilice en territorio navarro. Entenderanse utilizadas en territorio navarro as prestacións que sirvan a actividades empresariais ou profesionais realizadas neste territorio ou se refiran a bens situados nel.

Atenderase ó lugar da utilización do servicio cando este non coincida co da súa realización.

d) Os rendementos do traballo:

1.º Cando deriven, directa ou indirectamente, dunha actividade persoal desenvolvida en territorio navarro.

2.º Cando se trate de retribucións públicas satisfeitas pola Administración da Comunidade Foral.

3.º As pensións e demais prestacións similares, cando deriven dun emprego prestado en territorio navarro.

4.º As retribucións dos administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces ou de órganos representativos en toda clase de entidades, conforme o previsto no número 3 deste artigo.

e) As rendas derivadas, directa ou indirectamente, da actuación persoal en territorio navarro, de artistas ou deportistas, ou de calquera outra actividade relacionada coa dita actuación, mesmo cando se atribúan a persoa ou entidade distinta do artista ou deportista.

f) Os dividendos e outros rendementos derivados da participación en fondos propios de entidades públicas navarras, así como os derivados da participación en fondos propios de entidades privadas, conforme o previsto no número 3 deste artigo.

g) Os xuros, canons e outros rendementos do capital mobiliario, cando sexan satisfeitos por persoas físicas con domicilio fiscal en Navarra ou entidades públicas navarras, ou por entidades privadas ou establecementos permanentes conforme o previsto no número 3 deste artigo, sempre que retribúan prestacións de capital utilizadas en territorio navarro.

Nos demais supostos atenderase ó lugar de utilización do capital a prestación do cal se retribúe.

h) Os rendementos derivados, directa ou indirectamente, de bens inmo- bles situados en territorio navarro ou de dereitos relativos a eles.

i) Os incrementos de patrimonio derivados de valores emitidos por persoas ou entidades públicas navarras, así como os derivados de valores emitidos por entidades privadas conforme o previsto no número 3 deste artigo.

j) Os incrementos de patrimonio derivados de bens inmo- bles situados en territorio navarro ou de dereitos que se deben cumprir ou se tivesen que exercer neste territorio. En particular considéranse incluídos nesta alínea:

1.º Os incrementos de patrimonio derivados de dereitos ou participacións nunha entidade, residente ou non, cun activo constituído principalmente por bens inmo- bles situados en territorio navarro.

2.º Os incrementos de patrimonio derivados da transmisión de dereitos ou participacións nunha entidade, residente ou non, que lle atribúan ó seu titular o dereito de gozo sobre bens inmoables situados en territorio navarro.

k) Os incrementos de patrimonio derivados doutros bens mobles situados en territorio navarro ou de dereitos que se deban cumprir ou se exerzan neste territorio.

l) As rendas imputadas ós contribuíntes persoas físicas titulares de bens inmoables urbanos situados en territorio navarro, non afectos a actividades empresariais ou profesionais.

m) Os incrementos de patrimonio cando se incorporen ó patrimonio do contribuínte bens situados en territorio navarro ou dereitos que se deban cumprir ou se exerzan neste territorio, mesmo cando non deriven dunha transmisión previa, como as ganancias no xogo.

2. Cando, consonte os criterios sinalados no punto anterior, unha renda se puidese entender obtida asemade en ámbolos territorios, a súa tributación corresponderalle á Comunidade Foral de Navarra cando o pagador, se é persoa física, teña o seu domicilio fiscal en Navarra; se fose persoa xurídica ou establecemento permanente atenderase ó disposto no número 3 deste artigo.

3. Nos supostos a que se refiren o punto 4.º da letra d), e as letras f), g) e i) do número 1 anterior, así como no suposto previsto no número 2, as rendas satisfeitas por entidades privadas ou establecementos permanentes entenderanse obtidas ou producidas en territorio navarro na contía seguinte:

a) Cando se trate de entidades ou establecementos permanentes que tributen polo imposto sobre sociedades exclusivamente a Navarra, a totalidade das rendas que satisfagan.

b) Cando se trate de entidades ou establecementos permanentes que tributen polo imposto sobre sociedades conxuntamente a ámbalas administracións, a parte das rendas que satisfagan en proporción ó volume de operacións realizado en Navarra.

Non obstante, nos supostos a que se refire esta alínea, a Administración competente para a exacción da totalidade dos rendementos será a do territorio onde teñan a súa residencia habitual ou domicilio fiscal as persoas, entidades ou establecementos permanentes que presenten a liquidación en representación do non residente, sen prexuízo da compensación que proceda practicar á outra Administración pola parte correspondente á proporción do volume de operacións realizado no territorio desta última.

Así mesmo, as devolucións que proceda practicarlles ós non residentes serán por conta da Administración do territorio onde teñan a súa residencia habitual ou domicilio fiscal as persoas, entidades ou establecementos permanentes que presenten a liquidación en representación do non residente, sen prexuízo da compensación que proceda practicar á outra Administración pola parte correspondente ó volume de operacións da entidade pagadora realizado no territorio desta última.

Artigo 30. *Pagamentos á conta.*

1. Os pagamentos fraccionados que realicen os establecementos permanentes e as retencións e ingresos á conta do imposto que se lles practiquen polas rendas que perciban, esixíranse de acordo coas regras establecidas nas seccións 1.ª e 3.ª anteriores.

2. As retencións e ingresos á conta correspondentes ás rendas obtidas polos contribuíntes que operen sen

establecemento permanente, serán esixidas pola Administración do territorio no que se entendan obtidas, conforme o disposto no artigo anterior. Así mesmo, a inspección realizarana os órganos da Administración que corresponda conforme o disposto no mesmo artigo.

Nos supostos a que se refiren do punto 4.º da letra d), e letras f), g) e i) do número 1, así como no suposto previsto no número 2, ambos do artigo anterior, serán esixidos pola Comunidade Foral en proporción ó volume de operacións realizado en Navarra correspondente ó obrigado a reter, aplicando as regras especificadas na sección 3.ª anterior.

3. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 16 respecto da eficacia dos pagamentos á conta realizados nunha ou outra Administración.

SECCIÓN 5.ª IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS

Artigo 31. *Exacción do imposto.*

1. Corresponderalle á Comunidade Foral de Navarra a exacción do imposto que grava as sucesións e doazóns nos seguintes supostos:

a) Na adquisición de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio e nas cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida para o caso de falecemento, cando o causante teña a súa residencia habitual en Navarra ou, tendoa no estranxeiro, conserve a condición política de navarro consonte o artigo 5.º da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

b) Nas adquisicións de bens inmoables e dereitos sobre eles por doazón ou calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos, cando estes radiquen en territorio navarro, e nas dos demais bens e dereitos, cando o donatario ou o favorecido por elas teña a súa residencia habitual no dito territorio.

Para estes efectos, terán a consideración de doazóns de bens inmoables as transmisións a título gratuito de valores a que se refire o artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

c) Nos supostos non recollidos nas alíneas anteriores, cando o contribuínte tivese a súa residencia no estranxeiro e a totalidade dos bens e dereitos adquiridos estivesen situados, puidesen exercerse ou tivesen que cumprirse en territorio navarro, así como pola percepción de cantidades derivadas de contratos de seguros sobre a vida cando o contrato fose realizado en territorio navarro con entidades aseguradoras residentes ou con entidades estranxeiras que operen nel.

2. Cando nun documento un mesmo doador doase a prol dun mesmo donatario, bens, dereitos e cantidades, e por aplicación dos criterios especificados no número 1 anterior, a adquisición deba entenderse producida en territorio común e navarro, corresponderalles a cada un deles a cota que resulte de aplicar ó valor dos doados a adquisición dos cales se lle atribúe, o tipo medio que, segundo as súas normas, correspondería ó valor da totalidade dos transmitidos.

3. Cando proceda acumular doazóns, corresponderalle a Navarra a cota que resulte de aplicar, ó valor dos bens e dereitos actualmente transmitidos, o tipo medio, que, segundo as súas normas, correspondería ó valor da totalidade dos acumulados.

Para estes efectos entenderase por totalidade dos bens e dereitos acumulados os procedentes de doazóns anteriores e os que son obxecto da transmisión actual.

CAPÍTULO III

Impostos indirectos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTOS SOBRE O VALOR ENGADIDOArtigo 32. *Normativa aplicable.*

Na exacción do imposto sobre o valor engadido, incluída a recarga de equivalencia, Navarra aplicará os mesmos principios básicos, normas substantivas e formais vixentes en cada momento en territorio do Estado. Non obstante, a Administración da Comunidade Foral de Navarra poderá aproba-los modelos de declaración e ingreso, que conterán, polo menos, os mesmos datos que os do territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Artigo 33. *Exacción do imposto.*

1. Correspóndelle á Comunidade Foral de Navarra a exacción do imposto sobre o valor engadido dos seguintes suxeitos pasivos:

a) Os que teñan o seu domicilio fiscal en Navarra e o seu volume total de operacións no ano anterior non excedese de seis millóns de euros.

b) Os que operen exclusivamente en territorio navarro e o seu volume total de operacións no ano anterior excedese de seis millóns de euros, calquera que sexa o lugar no que teñan o seu domicilio fiscal.

2. Os suxeitos pasivos que operen en ámbolos territorios e cun volume total de operacións no ano anterior que excedese de seis millóns de euros, tributarán conxuntamente a ámbalas administracións, calquera que sexa o lugar no que teñan o seu domicilio fiscal. A tributación efectuarase en proporción ó volume de operacións realizado en cada territorio durante o ano natural, determinado de acordo cos puntos de conexión que se establecen nos números seguintes.

3. Entenderase como volume de operacións o importe total das contraprestacións, excluído o imposto sobre o valor engadido e a recarga de equivalencia, de se-lo caso, obtida polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servicios efectuadas en tódalas actividades empresariais ou profesionais que realice.

4. Para efectos do disposto nos números 1 e 2 anteriores, no suposto de inicio da actividade, para o cómputo da cifra de seis millóns de euros, atenderase ó volume de operacións realizado no primeiro ano natural.

Se o primeiro ano de actividade non coincidise co ano natural, para o cómputo da cifra anterior, as operacións realizadas elevaranse ó ano.

A tributación durante o citado ano realizarase de forma provisional en función do volume de operacións que se prevea realizar durante o ano de iniciación, sen prexuízo da súa regularización posterior, cando proceda.

5. Entenderase que un suxeito pasivo opera nun territorio cando, de conformidade cos puntos de conexión que se establecen nestas normas, realice nel entregas de bens ou prestacións de servicios.

6. Entenderanse realizadas en Navarra as operacións suxeitas ó imposto de acordo coas seguintes regras:

A) Entregas de bens:

1.^o As entregas de bens mobles corporais fabricados ou transformados por quen efectúa a entrega, cando os centros fabrís ou de transformación do suxeito pasivo estean situados en territorio navarro.

Cando o mesmo suxeito pasivo teña centros fabrís ou de transformación en territorio navarro e común, se o último proceso de fabricación ou transformación dos bens entregados ten lugar en Navarra.

2.^o Se se trata de entregas con instalación de elementos industriais fóra de Navarra, entenderanse realizadas en territorio navarro se os traballos de preparación e fabricación se efectúan neste territorio e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por cento do total da contraprestación.

Correlativamente, non se entenderán realizadas en territorio navarro as entregas de elementos industriais con instalación neste territorio, se os traballos de preparación e fabricación dos ditos elementos se efectúan en territorio común e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por cento do total da contraprestación.

3.^o As entregas realizadas polos produtores de enerxía eléctrica, cando radiquen en territorio navarro os centros xeradores desta.

4.^o As demais entregas de bens mobles corporais, cando se realice desde territorio navarro a posta á disposición do adquirente. Cando os bens deban ser obxecto de transporte para a súa posta á disposición do adquirente, as entregas entenderanse realizadas no lugar en que se encontren aqueles ó tempo de se inicia-la expedición ou o transporte.

5.^o As entregas de bens inmoables, cando estes estean situados en territorio navarro.

B) Prestacións de servicios:

1.^o As prestacións de servicios entenderanse realizadas en Navarra cando se efectúen desde este territorio.

2.^o Non obstante o disposto no punto anterior, as prestacións directamente relacionadas con bens inmoables entenderanse realizadas no territorio en que radiquen tales bens.

3.^o Así mesmo, exceptúanse do disposto nos puntos anteriores as operacións de seguro e capitalización, respecto das cales se aplicarán as regras contidas no artigo 37 deste convenio.

C) Non obstante o disposto nas regras A) e B) anteriores, será competente para a exacción do imposto a Administración do Estado cando o domicilio fiscal do suxeito pasivo estea situado en territorio común, e a Administración da Comunidade Foral Navarra cando o seu domicilio fiscal estea situado no seu territorio, nas operacións seguintes:

1.^a As entregas realizadas por explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras e armadores de buques de pesca, de produtos naturais non sometidos a procesos de transformación que procedan directamente dos seus cultivos, explotacións ou capturas.

2.^a Os servicios de transporte, incluso os de mudanza, remolque e guindastre.

3.^a Os arrendamentos de medios de transporte.

7. Para a exacción do imposto correspondente ás adquisicións intracomunitarias aplicaranse as regras seguintes:

a) Corresponderalle a Navarra a exacción do imposto polas adquisicións intracomunitarias que efectúen os suxeitos pasivos que tributen exclusivamente á Comunidade Foral de Navarra.

b) A exacción do imposto polas adquisicións intracomunitarias que efectúen os suxeitos pasivos que tributen conxuntamente a ámbalas administracións corresponderalle a unha ou outra na mesma proporción que a resultante de aplica-lo disposto na regra 1.^a do artigo seguinte.

c) Os criterios establecidos nas letras a) e b) anteriores tamén serán de aplicación en relación cos trans-

portes intracomunitarios de bens, os servizos accesorios destes e os servizos de mediación nos anteriores, cando o destinatario lle comunicase ó prestador dos servizos un número de identificación atribuído en España, para efectos do imposto sobre o valor engadido.

d) A exacción do imposto polas adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos efectuadas por particulares ou por persoas ou entidades con operacións totalmente exentas ou non suxeitas ó imposto sobre o valor engadido corresponderalle á Administración do territorio común ou navarro no que estes medios de transporte se matriculen definitivamente.

8. Sen prexuízo do disposto no número 7 anterior será competente para a exacción do imposto a Administración do Estado cando o domicilio fiscal do suxeito pasivo estea situado en territorio común, e a Administración da Comunidade Foral de Navarra cando o seu domicilio fiscal estea situado no seu territorio, nas operacións seguintes:

a) As adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó imposto por opción ou por se ter superado o límite cuantitativo establecido na normativa reguladora do imposto, efectuadas por suxeitos pasivos que realicen exclusivamente operacións que non orixinan dereito a dedución total ou parcial daquel, ou por persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais.

b) As adquisicións intracomunitarias de bens en réxime simplificado, réxime especial da agricultura, gandería e pesca e réxime de recarga de equivalencia.

9. As entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas por persoas ou entidades non establecidas no territorio de aplicación do imposto para empresarios ou profesionais, cando estes últimos adquiran a consideración de suxeitos pasivos respecto daquelas, tributarán nos termos que resulten de aplica-las letras a) e b) do número 7 anterior.

10. Na aplicación do imposto correspondente a operacións realizadas por empresarios ou profesionais non establecidos en España, nas que non se produza a circunstancia sinalada no punto anterior, corresponderalle á Administración do Estado a exacción do tributo e as devolucións que, de se-lo caso, procedan.

11. As deducións que proceda practicar polo imposto sobre o valor engadido soportado ou satisfeito polos suxeitos pasivos, calquera que sexa a Administración á que lle correspondese a súa exacción, producirán efectos fronte a ámbalas administracións, de acordo co disposto neste convenio.

12. Os suxeitos pasivos que non realicen as operacións previstas neste artigo tributarán á Comunidade Foral cando teñan o seu domicilio fiscal en territorio navarro. En particular, entenderanse incluídos neste punto os suxeitos pasivos que, tendo iniciado a súa actividade empresarial ou profesional, non comezasen a realizar entregas de bens ou prestacións de servizos.

Artigo 34. *Xestión e inspección do imposto.*

En relación coa xestión do imposto, nos casos de tributación ás dúas administracións, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a O resultado das liquidacións do imposto imputaráselles ás administracións do Estado e Navarra en proporción ó volume das contraprestacións, excluído o imposto sobre o valor engadido e, de se-lo caso, a recarga de equivalencia, correspondente ás entregas de bens e prestacións de servizos gravadas, así como as exentas que orixinen dereito á dedución e se entendan realizadas nos territorios respectivos durante cada ano natural.

2.^a As proporcións provisionalmente aplicables durante cada ano natural serán as determinadas en función das operacións do ano precedente.

A proporción provisionalmente aplicable nos períodos de liquidación do primeiro ano natural de exercicio da actividade será fixada polo suxeito pasivo segundo as operacións que prevexa realizar en cada territorio, sen prexuízo da regularización final correspondente.

Non obstante o previsto nas dúas alíneas anteriores poderase aplicar, logo de comunicación á comisión coordinadora prevista no artigo 67 deste convenio económico, unha proporción provisional distinta da anterior nos seguintes supostos:

a) Fusión, escisión e achega de activos e cambio de valores.

b) Inicio, cesamento, ampliación ou redución de actividade nun ou outro territorio, que implique unha variación significativa da proporción calculada segundo o criterio especificado nas alíneas anteriores.

En todo caso, considerarase que a variación é significativa cando supoña a alteración de 15 ou máis puntos porcentuais na proporción aplicable a calquera dos territorios.

3.^a Na última declaración-liquidación do imposto correspondente a cada ano natural, o suxeito pasivo calculará as proporcións definitivas segundo as operacións realizadas neste período, e practicará a correspondente regularización das declaracións efectuadas nos anteriores períodos de liquidación con cada unha das administracións.

4.^a Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións presentarán na Delegación de Facenda que corresponda e na Administración da Comunidade Foral de Navarra, dentro dos prazos e coas formalidades regulamentarias, os documentos que determinen as disposicións vixentes e, de se-lo caso, as declaracións-liquidacións procedentes, nas que constarán, en todo caso, as proporcións provisional ou definitivamente aplicables e as cotas ou devolucións que resulten fronte ás dúas administracións.

5.^a No suposto de que o importe das cotas impositivas devengadas en cada período de liquidación supere a contía das cotas deducibles durante o mesmo período, os suxeitos pasivos deberán efectua-lo ingreso das cotas resultantes á Administración da Comunidade Foral de Navarra e á Delegación de Facenda que corresponda, na proporción resultante.

6.^a Os suxeitos pasivos que non puidesen efectua-las deducións orixinadas en cada período de liquidación por excede-la contía destas das cotas devengadas, terán dereito a solicita-la devolución do saldo ó seu favor, nos casos que proceda, consonte a normativa do imposto.

Corresponderalles á Administración da Comunidade Foral de Navarra e á do Estado realiza-las devolucións procedentes, na parte proporcional respectiva.

7.^a A inspección realizarase de acordo cos seguintes criterios:

a) A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar exclusivamente á Administración da Comunidade Foral de Navarra ou, de se-lo caso, á Administración do Estado, será levada a cabo polas inspeccións dos tributos de cada unha destas administracións.

b) A inspección dos suxeitos que deban tributar en proporción ó volume das súas operacións realizadas en territorio común e navarro realizarase de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Se os suxeitos pasivos teñen o seu domicilio fiscal en territorio común, a comprobación e investigación será realizada polos órganos da Administración do Estado, que regularizarán a situación tributaria do

suxeito pasivo incluíndo a proporción de tributación que lles corresponda ás dúas administracións competentes.

Segunda. Se os suxeitos pasivos teñen o seu domicilio fiscal en territorio navarro, a comprobación e investigación será realizada polos órganos competentes da Administración da Comunidade Foral de Navarra, sen prexuízo da colaboración da Administración do Estado, e producirá efectos fronte ás administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que corresponda a estas.

No caso de que o suxeito pasivo realizase no ano anterior en territorio de réxime común o 75 por cento ou máis das súas operacións totais, de acordo cos puntos de conexión, será competente a Administración do Estado, sen prexuízo da colaboración da Administración da Comunidade Foral.

Terceira. As actuacións inspectoras axustaranse ás normativas da Administración competente, de acordo co previsto nas regras anteriores.

Se, como consecuencia destas actuacións, resultase unha débeda para ingresar ou unha cantidade para devolver que corresponda a ámbalas administracións, o cobramento ou o pagamento correspondente será efectuado pola Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. A Administración competente comunicarlle os resultados das súas actuacións á Administración afectada. Para estes efectos, establecerase un procedemento para que a débeda resultante das actuacións de comprobación e investigación sexa percibida pola Administración á que lle corresponda.

Cuarta. O establecido nas regras anteriores entenderase sen prexuízo das facultades que lle corresponden no seu territorio á Administración da Comunidade Foral de Navarra en materia de comprobación e investigación, sen que as súas actuacións poidan ter efectos económicos fronte ós contribuíntes en relación coas liquidacións definitivas practicadas como consecuencia de actuacións dos órganos das administracións competentes.

Quinta. As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente producirán efectos fronte ó suxeito pasivo en relación coas obrigas liquidadas, sen prexuízo das que, con posterioridade a tales comprobacións, se acorden con carácter definitivo entre as administracións competentes.

8.^a As declaracións recapitulativas de entregas e adquisicións intracomunitarias e as de operacións con terceiras persoas presentaranse ante a Administración tributaria que teña atribuída a competencia para a comprobación e investigación dos suxeitos pasivos.

SECCIÓN 2.^a IMPOSTOS ESPECIAIS

Artigo 35. *Exacción dos impostos especiais.*

1. Corresponderalle á Comunidade Foral a exacción dos impostos especiais de fabricación cando o seu devengo se produza en territorio navarro.

As devolucións dos impostos especiais de fabricación serán efectuadas pola Administración na que fosen ingresadas as cotas das que se solicita a devolución. Non obstante, nos casos en que non sexa posible determinar en qué Administración foron ingresadas as cotas, a devolución será efectuada pola correspondente ó territorio onde se xere o dereito á devolución.

O control, así como o réxime de autorización dos establecementos situados en Navarra, corresponderalle á Comunidade Foral. Non obstante, para a autorización dos depósitos fiscais será necesaria a previa comunicación á Administración do Estado.

2. A Comunidade Foral de Navarra esixirá o imposto especial sobre determinados medios de transporte cando os medios de transporte sexan obxecto de matriculación definitiva en territorio navarro.

A matriculación efectuarase conforme os criterios establecidos pola normativa vixente sobre a materia. En particular, as persoas físicas efectuarán a matriculación do medio de transporte na provincia en que se encuentre o seu domicilio fiscal.

As devolucións das cotas deste imposto serán efectuadas pola Administración na que estas foron ingresadas.

Non obstante o disposto no número 3, a Comunidade Foral poderá incrementar os tipos de gravame ata un máximo do 10 por cento dos tipos establecidos en cada momento polo Estado.

3. Na exacción dos impostos especiais que correspondan á Comunidade Foral, esta aplicará os mesmos principios básicos, normas substantivas e formais vixentes en cada momento en territorio do Estado. Non obstante, a Administración da Comunidade Foral de Navarra poderá aproba-los modelos de declaración e ingreso, que conterán, polo menos, os mesmos datos que os do territorio común e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

SECCIÓN 3.^a IMPOSTO SOBRE AS VENDAS RETALLISTAS DE DETERMINADOS HIDROCARBUROS

Artigo 36. *Normativa aplicable e exacción do imposto.*

1. Corresponderalle á Comunidade Foral a exacción do imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos nos seguintes casos:

a) Vendas ou entregas dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto efectuadas nos establecementos de venda ó público polo miúdo situados en territorio navarro, con excepción das subministracións que se efectúen a consumidores finais que dispoñan das instalacións necesarias para recibilos e consumilos fóra do dito territorio. Correlativamente, corresponderalle á Comunidade Foral a exacción do imposto polas subministracións que se efectúen desde territorio común a consumidores finais que dispoñan das instalacións necesarias para recibilos e consumilos en Navarra.

b) Importacións e adquisicións intracomunitarias dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto, cando se destinen directamente ó consumo do importador ou do adquirente nun establecemento de consumo propio situado en Navarra.

2. O imposto sobre as vendas retallistas de determinados hidrocarburos rexerese polas mesmas normas substantivas e formais que as establecidas en cada momento polo Estado.

Non obstante o anterior, a Comunidade Foral poderá establecer os tipos de gravame do imposto dentro dos límites vixentes en cada momento en territorio común.

Así mesmo, a Comunidade Foral poderá aproba-los modelos de declaración e ingreso, que conterán polo menos os mesmos datos que os de territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

SECCIÓN 4.^a IMPOSTO SOBRE AS PRIMAS DE SEGUROS

Artigo 37. *Imposto sobre as primas de seguros.*

1. Corresponderalle á Comunidade Foral de Navarra a exacción do imposto sobre as primas de seguros cando a localización do risco ou do compromiso, nas operacións de seguro e capitalización, se produza en territorio navarro.

2. Para estes efectos, entenderase que a localización do risco se produce en territorio navarro, de acordo coas regras seguintes:

Primeira. No caso de que o seguro se refira a inmo- bles, cando os bens radiquen no dito territorio. A mesma regra se aplicará cando o seguro se refira a bens inmo- bles e ó seu contido, se este último está cuberto pola mesma póliza de seguro. Se o seguro se refire exclu- sivamente a bens mobles que se encontran nun inmovle, con excepción dos bens en tránsito comercial, cando o citado inmovle radique no dito territorio.

Cando nun mesmo seguro se cubra o risco de inmo- bles situados en territorio común e navarro, localizarase en cada un deles en función do valor dos inmo- bles radica- dos nun e outro territorio.

Segunda. No caso de que o seguro se refira a vehí- culos de calquera natureza, cando a persoa ou entidade a nome da que se encuentre matriculado teña o seu domici- lio fiscal en Navarra.

Terceira. No caso de que o seguro se refira a riscos que sobreveñan durante unha viaxe ou fóra do domicilio habitual do tomador do seguro, e a súa duración sexa inferior ou igual a catro meses, cando se produza en territorio navarro o asinamento do contrato por parte do tomador do seguro.

Cuarta. En tódolos casos non explicitamente reco- llidos nas regras anteriores, cando o tomador do seguro teña a súa residencia habitual en Navarra, ou, se fose unha persoa xurídica, cando o domicilio social ou sucursal dela a que se refire o contrato se encuentre no dito territorio.

3. No caso de seguros sobre a vida, entenderase que a localización do compromiso se produce en terri- torio navarro cando o tomador do seguro teña nel a súa residencia habitual, se é unha persoa física, ou o seu domicilio social ou unha sucursal, en caso de que o contrato se refira a esta última, se é unha persoa xurídica.

4. En defecto de normas específicas de localización de acordo cos puntos anteriores, enténdense realizadas en territorio navarro as operacións de seguro e capi- talización cando o contratante sexa un empresario ou profesional que concerte as operacións no exercicio das súas actividades empresariais ou profesionais, e radique nese territorio a sede da súa actividade económica ou teña nel un establecemento permanente ou, no seu defecto, o lugar do seu domicilio.

5. Na exacción do imposto a Comunidade Foral de Navarra aplicará as mesmas normas substantivas e for- mais que as establecidas en cada momento polo Estado.

Non obstante, a Administración da Comunidade Foral poderá aproba-los modelos de declaración e ingreso e sinala-los prazos de ingreso, que non diferirán substan- cialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

SECCIÓN 5.^a IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Artigo 38. *Exacción pola Comunidade Foral de Navarra.*

1. Correspóndelle á Comunidade Foral a exacción do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurí- dicos documentados nos seguintes supostos:

A) Transmisións patrimoniais onerosas:

1.º Na transmisión onerosa e arrendamentos de bens inmo- bles, así como na cesión onerosa de dereitos de toda clase, mesmo de garantía, que recaian sobre eles, cando aqueles radiquen en Navarra.

Para estes efectos, terán a consideración de trans- misión de bens inmo- bles as transmisións a título oneroso

de valores a que se refire o artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2.º Na transmisión onerosa de bens mobles, semo- ventes e créditos, así como na cesión onerosa de dereitos sobre eles, cando o adquirente, sendo persoa física, teña a súa residencia habitual en Navarra e, sendo persoa xurídica ou ente sen personalidade, teña nela o seu domici- lio fiscal.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, na transmisión de accións, dereitos de subscripción, obrigas e títulos análogos e demais valores, así como de par- ticipacións sociais, cando a operación se formalice en Navarra.

3.º Na constitución onerosa de dereitos de toda cla- se sobre bens inmo- bles, mesmo de garantía, cando estes radiquen en Navarra.

4.º Na constitución onerosa de dereitos de toda cla- se sobre bens mobles, semoventes e créditos, cando o adquirente, sendo persoa física, teña a súa residencia habitual en Navarra e, sendo persoa xurídica ou ente sen personalidade, teña nela o seu domicilio fiscal.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, na constitución de hipoteca mobiliaria e peñor sen despra- zamento, cando a garantía sexa inscribible en territorio navarro.

5.º Na constitución de préstamos, cando o presta- tario, sendo persoa física, teña a súa residencia habitual en Navarra e, sendo persoa xurídica ou ente sen per- sonalidade, teña nela o seu domicilio fiscal.

Sen embargo, se se trata de préstamos con garantía real, cando os bens inmo- bles hipotecados radiquen en Navarra ou sexan inscribibles nesta as correspondentes hipotecas mobiliarias ou peñores sen desprazamento.

Se un mesmo préstamo estivese garantido con hipo-oteca sobre bens inmo- bles sitios en territorio común e foral ou con hipoteca mobiliaria ou peñor sen despra- zamento inscribible en ámbolos territorios, tributará a cada Administración en proporción á responsabilidade que se lles sinale a uns e outros e, en ausencia desta especificación expresa na escritura, en proporción ós valores comprobados dos bens.

6.º Na constitución de fianzas, arrendamentos non inmobiliarios e pensións, cando o acredor afianzado, arrendatario ou pensionista, respectivamente, sendo per- soa física, teña a súa residencia habitual en Navarra e, sendo persoa xurídica ou ente sen personalidade, teña nela o seu domicilio fiscal.

7.º Nas concesións administrativas de bens cando estes radiquen en Navarra, e nas execucións de obra ou explotacións de servicios cando se executen ou pres- ten en Navarra. Estas mesmas regras serán aplicables cando se trate de actos e negocios administrativos que tributen por equiparación ás concesións administrativas.

Tratándose de concesións de explotación de bens que superen o ámbito territorial de Navarra, esixirase o imposto en proporción á extensión que ocupen no territorio navarro.

Tratándose de concesións de execución de obras que superen o ámbito territorial de Navarra, esixirase o impo- sto en proporción ó importe estimado das obras que se vaian realizar en territorio navarro.

Tratándose de concesións de explotación de servicios que superen o ámbito territorial de Navarra, esixirase o imposto en función da media aritmética das porcen- taxes que representen a súa poboación e a súa superficie sobre o total das comunidades implicadas.

Tratándose de concesións mixtas que superen o ámbi- to territorial de Navarra, esixirase o imposto mediante a aplicación dos criterios recollidos nos tres parágrafos anteriores á parte correspondente da concesión.

No caso de concesións administrativas que superen o ámbito territorial de Navarra, a inspección do imposto

corresponderalle á Comunidade Foral cando o domicilio fiscal da entidade concesionaria radique nese territorio.

B) Operacións societarias:

Cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1.^a Que a entidade teña en Navarra o seu domicilio fiscal.

2.^a Que a entidade teña en Navarra o seu domicilio social, sempre que a sede de dirección efectiva non se encontre situada no ámbito territorial doutra Administración tributaria dun Estado membro da Unión Europea ou, estándoo, tal Estado non grave a operación societaria cun imposto similar.

3.^a Que a entidade realice en Navarra operacións do seu tráfico, cando a súa sede de dirección efectiva e o seu domicilio social non se encontren situados no ámbito territorial doutra Administración tributaria dun Estado membro da Unión Europea ou, estándoo, estes estados non graven a operación societaria cun imposto similar.

C) Actos xurídicos documentados:

1.^o Nas escrituras, actas e testemuños notariais, cando se autoricen, outorguen ou expidan en Navarra.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos supostos suxeitos á cota gradual do gravame de actos xurídicos documentados, cando radique en territorio navarro o rexistro no que se deba proceder á inscrición ou anotación dos bens ou actos.

Se un mesmo préstamo estivese garantido con hipoteca sobre bens inmoables sitos en territorio común e foral ou con hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento inscribible en ámbolos territorios, tributará a cada Administración en proporción á responsabilidade que se lles sinala a uns e outros e, en ausencia desta especificación expresa na escritura, en proporción ós valores comprobados dos bens.

2.^o Nas letras de cambio e documentos que realicen función de xiro ou suplan aquelas, cando o seu libramiento ou emisión teña lugar en Navarra e, se fosen expedidos no estranxeiro, cando o seu primeiro posuídor teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Navarra, segundo se trate de persoa física ou de persoa xurídica ou ente sen personalidade. A Comunidade Foral de Navarra someterá os feitos impositivos sinalados a igual tributación que en territorio común.

3.^o Nos xustificantes ou certificados de depósito transmisibles, cando o domicilio fiscal da entidade que os emita ou expida radique en Navarra.

4.^o Nas obrigas de pagamento, bonos, obrigas e demais títulos análogos emitidos en serie, representativos de capitais alleos, polos que se satisfaga unha contraprestación establecida por diferenza entre o importe satisfeito pola emisión e o comprometido a reembolsar ó vencemento, cando se emitan en Navarra.

5.^o Nas anotacións preventivas, cando se practiquen nos rexistros públicos sitos en Navarra.

Se unha mesma anotación afecta bens sitos en Navarra e en territorio común, satisfarase o imposto á Administración na que teña a súa xurisdicción a autoridade que a ordene.

2. Someteranse a igual tributación que en territorio común a transmisión de valores a que se refire o parágrafo segundo do número 2.^o da letra A) do número 1 anterior, así como as operacións societarias.

Artigo 39. *Elusión fiscal mediante sociedades.*

Para os efectos da aplicación das normas relativas á elusión fiscal mediante sociedades, será competente para a práctica das liquidacións a Administración do Esta-

do cando os bens inmoables estean situados en territorio de réxime común e a da Comunidade Foral cando radique en territorio navarro.

Nos supostos en que as achegas ou os activos das sociedades comprenden inmoables situados en ámbolos territorios, cada Administración practicará a liquidación que corresponda en función dos valores dos inmoables radicantes no seu respectivo territorio.

SECCIÓN 6.^a TRIBUTOS SOBRE O XOGO

Artigo 40. *Exacción dos tributos e normativa aplicable.*

1. A taxa sobre os xogos de sorte, envite ou azar será exaccionada pola Comunidade Foral cando o feito impositivo se realice en Navarra.

2. A taxa fiscal sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias será exaccionada pola Comunidade Foral cando a súa autorización deba realizarse en Navarra.

3. Nos tributos que recaen sobre o xogo, cando a súa autorización deba realizarse en Navarra, a Comunidade Foral aplicará a mesma normativa que a establecida en cada momento polo Estado no que se refire ó feito impositivo e suxeito pasivo.

CAPÍTULO IV

Taxas

Artigo 41. *Exacción pola Comunidade Foral de Navarra.*

Correspóndelle á Comunidade Foral a exacción das taxas esixibles pola utilización ou aproveitamento especial do seu propio dominio público, pola prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público efectuados por aquela.

CAPÍTULO V

Normas de xestión e procedemento

Artigo 42. *Delicto fiscal.*

Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas dos delitos contra a Facenda Pública regulados no Código penal, o órgano da Administración actuante pasará o tanto de culpa á xurisdicción competente, e absterase de segui-lo procedemento administrativo mentres a autoridade xudicial non dicte sentenza firme, teña lugar o sobreseimento ou arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

Artigo 43. *Discrepancias e cambio de domicilio fiscal.*

1. As persoas físicas residentes en territorio común ou no foral que pasen de te-la súa residencia habitual nun a tela no outro, cumprarán as súas obrigas tributarias de acordo coa nova residencia, cando esta actúe como punto de conexión.

Ademais, cando en virtude do previsto no número seguinte deba considerarse que non existiu cambio de residencia, as persoas físicas deberán presentalas declaracións complementarias que correspondan, con inclusión dos xuros de demora.

2. Non producirán efecto os cambios de residencia que teñan por obxecto principal lograr unha menor tributación efectiva.

Presumirase, salvo que a nova residencia se prolongue de maneira continuada durante, polo menos, tres anos, que non existiu cambio, en relación co imposto

sobre a renda das persoas físicas e co imposto sobre o patrimonio, cando concorran as seguintes circunstancias: en primeiro lugar, que no ano no cal se produza o cambio de residencia ou no seguinte, a base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas sexa superior en, polo menos, un 50 por cento á do ano anterior ó cambio; en segundo lugar, que no ano no cal se produza tal situación a tributación efectiva polo imposto sobre a renda das persoas físicas sexa inferior á que correspondese de acordo coa normativa aplicable do territorio de residencia anterior ó cambio e, en terceiro lugar, que se volva te-la residencia habitual no dito territorio.

3. Presumirase, salvo proba en contrario, que non se produciu cambio de domicilio fiscal das persoas xurídicas cando no exercicio anterior ou no seguinte a tal cambio devengan inactivas ou cesen na súa actividade.

4. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, así como os establecementos permanentes de entidades non residentes, estarán obrigados a lles comunicar a ámbalas administracións os cambios de domicilio fiscal que orixinen modificacións na competencia para esixilo imposto.

No imposto sobre a renda das persoas físicas a comunicación entenderase producida pola presentación da declaración do imposto.

5. O cambio de domicilio do contribuínte poderao promover calquera das administracións implicadas. A Administración promotora dará traslado da súa proposta, cos antecedentes necesarios, á outra para que se pronuncie no prazo de dous meses sobre o cambio de domicilio e a data a que se deban retrotraer os efectos. Se esta responde confirmando a proposta, a Administración que resulte competente comunicarllo ó contribuínte.

Se non houberse conformidade, poderase continuar o procedemento na forma prevista no número seguinte deste artigo.

6. As discrepancias entre administracións que se poidan producir con respecto á domiciliación dos contribuíntes serán resoltas, logo de audiencia destes, pola xunta arbitral, que se recolle e regula no artigo 51 deste convenio económico.

Artigo 44. *Colaboración das entidades financeiras na xestión dos tributos.*

1. Corresponderalle á Comunidade Foral de Navarra a investigación tributaria de contas e operacións, activas e pasivas, das entidades financeiras e de cantas persoas físicas ou xurídicas se dediquen ó tráfico bancario ou crediticio, para a exacción dos tributos sobre os que teña a competencia a Comunidade Foral.

2. Cando as actuacións de obtención de información a que se refire o punto anterior se deban practicar fóra do territorio navarro, aplicarase o disposto no artigo seguinte.

Artigo 45. *Actuacións da Inspección de Tributos.*

1. As actuacións comprobadoras e investigadoras que, no ámbito das competencias atribuídas por este convenio á Comunidade Foral de Navarra, deban efectuarse fóra do seu territorio, serán practicadas pola Inspección dos Tributos do Estado ou a das comunidades autónomas competentes por razón do territorio, cando se trate de tributos cedidos a estas, por requirimento do órgano competente desta Comunidade Foral.

2. Cando a inspección tributaria do Estado ou da Comunidade Foral coñecesen, con ocasión das súas actuacións comprobadoras e investigadoras, feitos con transcendencia tributaria para a outra Administración, comunicaranllo a esta na forma que se determine.

Artigo 46. *Obrigas de información.*

1. Os resumos das retencións e ingresos á conta practicados deberanse presentar, consonte a súa respectiva normativa, na Administración competente para a exacción das retencións e ingresos á conta que se deban incluír neles.

As entidades que sexan depositarias ou xestionen o cobramento de rendas de valores que, de acordo coa normativa correspondente, estean obrigadas á presentación dos resumos anuais de retencións e ingresos á conta deberán efectualas, conforme a súa respectiva normativa, ante a Administración á que lle corresponda a competencia para a comprobación e investigación de tales entidades.

As entidades que sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades esixible polo Estado e a Comunidade Foral deberán presentar resumos anuais de retencións e ingresos á conta correspondentes ós rendementos a que se refiren os artigos 10.1.f) e 12.1 deste convenio económico, conforme as normas sobre lugar, forma e prazo de presentación de declaracións que estableza cada unha das administracións competentes para a súa exacción.

2. As declaracións que teñan por obxecto dar cumprimento ás distintas obrigas de subministración xeral de información tributaria legalmente esixidas deberanse presentar, conforme a súa respectiva normativa, ante a Administración do Estado ou ante a Comunidade Foral, consonte os seguintes criterios:

a) Tratándose de obrigados tributarios que desenvolvan actividades empresariais e profesionais, ante a Administración á que corresponda a competencia para a inspección de tales actividades.

b) Tratándose de obrigados tributarios que non desenvolvan actividades empresariais ou profesionais, segundo que estean domiciliados fiscalmente en territorio común ou foral.

3. As declaracións de carácter censual deberanse presentar, de acordo coa súa respectiva normativa, ante a Administración na que radique o domicilio fiscal da persoa ou entidade obrigada a efectualas e, ademais, ante a Administración na que tal persoa ou entidade deba presentar, conforme as regras previstas neste convenio económico, algunha das seguintes declaracións:

- a) Declaración de retencións e ingresos á conta.
- b) Declaración-liquidación polo imposto sobre sociedades.
- c) Declaración-liquidación polo imposto sobre o valor engadido.
- d) Declaración polo imposto sobre actividades económicas.

Artigo 47. *Fusións e escisións de empresas.*

Nas operacións de fusión ou escisión de empresas nas que os beneficios tributarios que, de se-lo caso, procedan deban ser recoñecidos por ámbalas administracións, Navarra aplicará idéntica normativa á vixente en cada momento en territorio común, tramitándose os correspondentes expedientes administrativos ante cada unha daquelas.

CAPÍTULO VI Facendas locais

Artigo 48. *Principio xeral.*

Correspóndenlle á Comunidade Foral en materia de facendas locais as facultades e competencias que posúe ó abeiro do establecido na Lei paccionada, do 16 de agosto de 1841, no Real decreto lei paccionado, do 4 de novembro de 1925, e demais disposicións complementarias.

Artigo 49. Tributos locais.

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, correspóndelles ás facendas locais de Navarra a exacción dos seguintes tributos:

a) Os que recaian sobre bens inmóbeis sitos en Navarra.

b) Os que graven o exercicio de actividades empresariais, profesionais e artísticas, cando se exerzan en Navarra, salvo nos supostos en que o pagamento do imposto faculte para o exercicio da actividade correspondente en todo o territorio nacional, caso no que a exacción lle corresponderá á Administración da residencia habitual ou do domicilio fiscal, segundo se trate de persoa física ou de persoa xurídica ou ente sen personalidade, respectivamente.

c) Os que graven a titularidade dos vehículos de tracción mecánica aptos para circular polas vías públicas, cando o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo radique en Navarra.

d) Os que recaian sobre a realización de obras, construcións e instalacións para as que sexa esixible a obtención da correspondente licenza, cando estas teñan lugar en Navarra.

Artigo 50. Participación das entidades locais de Navarra nos tributos do Estado.

As entidades locais de Navarra participarán nos ingresos tributarios do Estado, na parte correspondente a aqueles tributos dos que a exacción non lle corresponda á Comunidade Foral, segundo as normas deste convenio.

CAPÍTULO VII**Xunta arbitral****Artigo 51. Xunta arbitral.**

1. Constitúese unha xunta arbitral que terá atribuídas as seguintes funcións:

a) Coñecer dos conflitos que xurdan entre as administracións interesadas como consecuencia da interpretación e aplicación deste convenio a casos concretos concernentes a relacións tributarias individuais.

b) Resolve-los conflitos que se presenten entre a Administración do Estado e a da Comunidade Foral, ou entre esta e a Administración dunha comunidade autónoma, en relación coa aplicación dos puntos de conexión dos tributos dos que a exacción lle corresponde á Comunidade Foral de Navarra e a determinación da proporción correspondente a cada Administración nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido.

c) Resolve-las discrepancias que se poidan producir con respecto á domiciliación dos contribuíntes.

2. A xunta arbitral estará integrada por tres membros que nomeará o ministro de Facenda e polo conselleiro de Economía e Facenda do Goberno de Navarra.

Os árbitros serán nomeados para un período de seis anos. En caso de se producir unha vacante, será cuberta polo mesmo procedemento de nomeamento. O novo membro será nomeado para a parte do período de mandato que lle faltaba por cumprir ó substituído.

Os integrantes da xunta arbitral serán designados entre expertos de recoñecido prestixio en materia tributaria ou facendística.

3. A xunta arbitral resolverá conforme dereito tódalas cuestións que ofrezca o expediente, fosen ou non presentadas polas partes ou os interesados, incluídas as fórmulas de execución.

Os acordos desta xunta arbitral, sen prexuízo do seu carácter executivo, unicamente serán susceptibles de recurso en vía contencioso-administrativa e ante a sala correspondente do Tribunal Supremo.

4. Cando se suscite o conflito de competencias, as administracións afectadas notificaránllelo ós interesados, o cal determinará a interrupción da prescrición, e absteranse de calquera actuación ulterior relativa a tal conflito.

Os conflitos serán resoltos polo procedemento que regulamentariamente se estableza, no que se lles dará audiencia ós interesados.

5. Cando se suscite o conflito de competencias, ata que se resolva, a Administración que viñese gravando os contribuíntes en discusión continuaraos sometendo ó seu foro, sen prexuízo das rectificacións e compensacións tributarias que se deban efectuar entre as administracións, retrotraídas á data desde a que proceda exercer-lo novo foro tributario, segundo o acordo da xunta arbitral.

TÍTULO II**Achega económica****CAPÍTULO I****Método de determinación da achega****Artigo 52. Concepto da achega.**

A contribución de Navarra ó Estado consistirá nunha achega anual, como participación da Comunidade Foral no financiamento das cargas xerais do Estado.

Artigo 53. Determinación da achega.

A achega anual determinarase aplicando o índice de imputación ó importe total das cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Foral e das correspondentes compensacións, todo isto conforme se establece nos artigos seguintes.

Artigo 54. Cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Foral.

1. Considéranse cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Foral tódalas que correspondan a competencias que non sexan exercidas efectivamente por ela.

Para a determinación do importe destas cargas, dedúcese do total do orzamento de gastos do Estado o importe íntegro, a nivel estatal, dos créditos que se refiran a competencias exercidas pola Comunidade Foral, tanto en virtude dos correspondentes reais decretos de traspaso de servizos como ó abeiro do establecido na Lei paccionada do 16 de agosto de 1841 e disposicións complementarias.

2. En calquera caso, consideraranse como cargas non asumidas pola Comunidade Foral, entre outras, as seguintes:

a) As cantidades con que se doten os fondos de compensación interterritorial, a que se refire o artigo 158.2 da Constitución.

b) As transferencias ou subvencións que figuren nos orzamentos xerais do Estado en favor de entes públicos, na medida en que as competencias desempeñadas por eles non sexan exercidas pola Comunidade Foral.

c) Os xuros e cotas de amortización de tódalas débedas do Estado.

Artigo 55. *Achega íntegra.*

A cantidade que resulte de lles aplicar ás cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Foral o índice de imputación a que se refire o artigo 57 deste convenio económico constituirá a achega íntegra de Navarra.

Artigo 56. *Compensacións.*

1. Da achega íntegra da Comunidade Foral restaranse, por compensación, as seguintes cantidades:

- a) A parte imputable dos tributos non convidos.
- b) A parte imputable dos ingresos do Estado de natureza non tributaria.
- c) A parte imputable do déficit que presenten os orzamentos xerais do Estado.
- d) As cantidades a que se refiren os artigos 10.3 e 12.3 deste convenio económico.

2. A determinación das cantidades a que se refiren as letras a), b) e c) do número 1 anterior efectuarase aplicando o índice de imputación establecido no artigo seguinte.

Artigo 57. *Índice de imputación.*

O índice de imputación ó que se refiren os artigos 53, 55 e 56 precedentes determinarase, basicamente, en función da renda relativa de Navarra.

Artigo 58. *Achega líquida.*

A cantidade que resulte trala práctica das compensacións reguladas no artigo 56 deste convenio económico constitúe a achega líquida de Navarra.

CAPÍTULO II**Procedemento de cuantificación, actualización e periodificación da achega****Artigo 59. *Periodicidade e actualización da achega.***

1. O método de determinación da achega establecido no capítulo anterior aplicarase, mediante acordo entre ámbalas administracións, cada cinco anos, a partir do primeiro de vixencia do presente convenio. Este acordo determinará a contía da achega líquida correspondente ó ano base do quinquenio.

2. Para cada un dos anos restantes do quinquenio, a achega líquida determinarase mediante a aplicación, á achega líquida do ano base, do índice de actualización establecido no número 1 do artigo 60 seguinte.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, para cada un dos anos restantes do quinquenio determinarase unha achega líquida provisional mediante a aplicación, á achega líquida do ano base, do índice de actualización provisional establecido no número 2 do artigo 60 seguinte.

4. A achega líquida do ano base e as achegas líquidas provisionais dos anos restantes do quinquenio inclúranse nos orzamentos xerais do Estado e nos da Comunidade Foral de Navarra do respectivo exercicio económico, para os efectos pertinentes.

Artigo 60. *Índice de actualización.*

1. O índice de actualización ó que se refire o número 2 do artigo 59 anterior será o cociente entre a recadación líquida obtida polo Estado polos tributos convidos, excepto os susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, no exercicio ó que se refira a achega líquida e a reca-

dación líquida obtida por este, por iguais conceptos tributarios, no ano base do quinquenio.

2. O índice de actualización provisional a que se refire o número 3 do artigo 59 anterior será o cociente entre a previsión de ingresos por tributos convidos, excepto os susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, que figure nos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado do exercicio ó que se refira a achega líquida provisional e os ingresos previstos por este, por iguais conceptos tributarios, no ano base do quinquenio.

3. A recadación líquida a que se refire o número 1 deste artigo será a que certifique a Intervención Xeral da Administración do Estado, computándose como tal a obtida no ano ó que se refira a certificación, calquera que sexa o do devengo.

Artigo 61. *Efectos por variación nas competencias asumidas pola Comunidade Foral.*

1. Se en calquera dos anos do quinquenio se producen traspasos de servizos estatais a Navarra, cun custo anual figurado nos orzamentos xerais do Estado que se computase como carga non asumida pola Comunidade Foral para efectos da determinación da achega líquida do ano base, procederase a reducir este custo anual na proporción adecuada á parte do ano en que Navarra asuma efectivamente os citados servizos e, en consecuencia, a minora-la achega líquida na contía que resulte por aplicación do índice de imputación previsto no artigo 57 deste convenio económico.

A citada redución proporcional deberá ter en conta a periodicidade real dos gastos correntes e o efectivo grao de realización dos investimentos.

2. No caso de que Navarra deixase de exercer competencias que se computasen como asumidas para efectos de determina-la achega líquida do ano base, incrementarase a achega líquida do exercicio correspondente na contía que resulte da aplicación do disposto no punto anterior.

3. Para os exercicios seguintes, a achega líquida do ano base para actualizar será a resultante de reducir ou incrementar, segundo proceda, a achega líquida fixada inicialmente no importe que resulte de aplica-lo índice de imputación regulado no artigo 57 deste convenio económico, ó custo anual a nivel estatal do servizo ou competencia traspasada ou deixada de exercer, logo de aplicación do índice previsto no artigo 60 anterior.

4. Cando os servizos traspasados polo Estado estivesen integrados no sistema da Seguridade Social, non será de aplicación o establecido nos números 1 e 3 precedentes e aplicarase o que establezan os respectivos reais decretos de traspaso para efectos da incidencia deste na achega líquida do ano en que o traspaso sexa efectivo e na do ano base do quinquenio.

Artigo 62. *Liquidación definitiva.*

1. As achegas líquidas provisionais liquidaranse definitivamente aplicando o índice de actualización establecido no número 1 do artigo 60 deste convenio económico.

2. A liquidación definitiva realizarase no mes de marzo do exercicio seguinte ó que se refira a achega líquida provisional obxecto dela, e as diferencias que resulten respecto desta última regularizaranse no ingreso que, conforme o establecido no artigo seguinte, se debe efectuar no citado mes.

Artigo 63. *Ingreso da achega líquida provisional.*

1. A cantidade que deberá ingresa-la Comunidade Foral de Navarra en cada exercicio aboarase á Facenda Pública do Estado en catro prazos de igual importe, nos

meses de marzo, xuño, setembro e decembro do exercicio respectivo.

2. Se ó cumprirse algún dos prazos nos que deba realizarse o ingreso da achega líquida provisional non fose posible fixar esta, o ingreso efectuarase consonte a última achega líquida provisional fixada.

Os pagamentos así efectuados terán o carácter de «á conta», debendo practicarse a liquidación e ingreso das diferencias que puidesen existir en favor dunha ou outra Administración tan pronto como sexa coñecida a achega líquida correspondente ó exercicio de que se trate.

CAPÍTULO III

Axustes á recadación tributaria

Artigo 64. Axuste por impostos directos.

Para o perfeccionamento da estimación dos ingresos que por impostos directos convidos sexan atribuíbles a Navarra e ó resto do Estado, ámbalas administracións efectuarán, de común acordo, un axuste destes.

Artigo 65. Axustes por impostos indirectos.

1. Á recadación real de Navarra polo imposto sobre o valor engadido engadiráselle o resultado da seguinte expresión matemática:

$$\text{Axuste} = c \text{RR}_{\text{AD}} + (c - d) H$$

Sendo:

$$H = \frac{\text{RR}_N}{d} \text{ se } \frac{\text{RR}_N}{\text{RR}_{\text{TC}}} \leq \frac{d'}{1 - d'}$$

$$H = \frac{\text{RR}_{\text{TC}}}{d''} \text{ se } \frac{\text{RR}_N}{\text{RR}_{\text{TC}}} \geq \frac{d'}{1 - d'}$$

RR_{TC} = Recadación real anual do territorio común polo imposto sobre o valor engadido, obtida polas delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

RR_N = Recadación real anual de Navarra por IVE.

RR_{AD} = Recadación real anual por importacións.

$$c = \frac{\text{Consumo residentes Navarra}}{\text{Consumo residentes Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla)}}$$

$$d = \frac{v - f - e + i}{V - F - E + I}$$

v = Valor engadido bruto de Navarra ó custo dos factores.

V = Id. do Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla).

f = Formación bruta de capital de Navarra.

F = Id. do Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla).

e = Exportacións de Navarra.

E = Id. do Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla).

i = Importacións de Navarra provenientes da Unión Europea.

I = Id. do Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla) provenientes da Unión Europea.

$$d' = \frac{v - f - e + i}{V' - F' - E' + I'}$$

V' = Valor engadido bruto do Estado (menos País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla).

F' = Formación bruta de capital do Estado (menos País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla).

E' = Exportacións do Estado (menos País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla).

I' = Importacións do Estado (menos País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla) provenientes da Unión Europea.

$$d'' = \frac{V'' - F'' - E'' + I''}{V - F - E + I}$$

V'' = Valor engadido bruto do Estado (menos Navarra, País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla).

F'' = Formación bruta de capital do Estado (menos Navarra, País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla).

E'' = Exportacións do Estado (menos Navarra, País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla).

I'' = Importacións do Estado (menos Navarra, País Vasco, Canarias, Ceuta e Melilla) provenientes da Unión Europea.

2. Á recadación real de Navarra polos impostos especiais de fabricación, sobre o alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios, cervexa, hidrocarburos e elaborados do tabaco, engadiráselle o resultado das seguintes expresións matemáticas:

a) Alcohol, bebidas derivadas e produtos intermedios:

$$\text{Axuste} = a \text{RR}_{\text{AD}} + (a - b) H$$

Sendo:

$$H = \frac{\text{RR}_N}{b} \text{ se } \frac{\text{RR}_N}{\text{RR}_{\text{TC}}} \leq \frac{b}{1 - b}$$

$$H = \frac{\text{RR}_N}{1 - b} \text{ se } \frac{\text{RR}_N}{\text{RR}_{\text{TC}}} \geq \frac{b}{1 - b}$$

RR_N = Recadación real anual de Navarra polo imposto especial de fabricación sobre o alcohol e bebidas derivadas e produtos intermedios.

RR_{TC} = Recadación real anual do territorio común, incluído País Vasco, polo imposto especial de fabricación sobre o alcohol e bebidas derivadas e produtos intermedios.

RR_{AD} = Recadación real anual por importacións polo imposto especial de fabricación sobre o alcohol e bebidas derivadas e produtos intermedios.

$$a = \frac{\text{Consumo residentes Navarra}}{\text{Consumo residentes Estado (menos Ceuta e Melilla)}}$$

$$b = \frac{\text{Capacidade recaudatoria de Navarra}}{\text{Capacidade recaudatoria do Estado (menos Ceuta e Melilla)}}$$

b) Cervexa:

$$\text{Axuste} = a' \text{RR}_{\text{AD}} + (a' - b') H$$

Sendo:

$$H = \frac{\text{RR}_N}{b'} \text{ se } \frac{\text{RR}_N}{\text{RR}_{\text{TC}}} \leq \frac{b'}{1 - b'}$$

$$H = \frac{\text{RR}_{\text{TC}}}{1 - b'} \text{ se } \frac{\text{RR}_N}{\text{RR}_{\text{TC}}} \geq \frac{b'}{1 - b'}$$

RR_N = Recadación real anual de Navarra polo imposto especial de fabricación sobre a cervexa.

RR_{TC} = Recadación real anual do territorio común, incluído País Vasco, polo imposto especial de fabricación sobre a cervexa.

RR_{AD} = Recadación real anual por importacións polo imposto especial de fabricación sobre a cervexa.

$$a' = \frac{\text{Consumo residentes Navarra}}{\text{Consumo residentes Estado (menos Ceuta e Melilla)}}$$

$$b' = \frac{\text{Capacidade recaudatoria de Navarra}}{\text{Capacidade recaudatoria do Estado (menos Ceuta e Melilla)}}$$

c) Hidrocarburos:

$$\text{Axuste} = a'' RR_{AD} + (a'' - b'') H$$

Sendo:

$$H = \frac{RR_{TC}}{b''} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \geq \frac{b''}{1 - b''}$$

$$H = \frac{RR_{TC}}{1 - b''} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} < \frac{b''}{1 - b''}$$

RR_N = Recadación real anual de Navarra polo imposto especial sobre hidrocarburos.

RR_{TC} = Recadación real anual do territorio común, incluído País Vasco, polo imposto especial sobre hidrocarburos.

RR_{AD} = Recadación real anual por importacións polo imposto especial sobre hidrocarburos.

$$a'' = \frac{\text{Consumo residentes Navarra}}{\text{Consumo residentes Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla)}}$$

$$b'' = \frac{\text{Capacidade recaudatoria Navarra}}{\text{Capacidade recaudatoria do Estado (menos Canarias, Ceuta e Melilla)}}$$

d) Elaborados de tabaco:

$$\text{Axuste} = a''' RR_{TC} - [(1 - a''') RR_N]$$

Sendo:

RR_N = Recadación real anual de Navarra polo imposto especial sobre os elaborados do tabaco.

RR_T = Recadación real anual do territorio común, incluído País Vasco, polo imposto especial sobre os elaborados do tabaco.

$$a''' = \frac{\text{Elaborados de tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en Navarra}}{\text{Elaborados de tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en territorio de aplicación do imposto}}$$

Artigo 66. *Cuantificación e liquidación dos axustes.*

1. A cuantificación e liquidación dos axustes previstos nos artigos 64 e 65 precedentes efectuarase, mediante acordo entre ámbalas administracións, conforme un procedemento similar ó establecido no capítulo segundo.

2. No caso de que as recadacións reais obtidas por Navarra polos impostos ós que se refire o artigo 65 difiran significativamente dos seus índices de capacidade recaudatoria no caso dos impostos especiais, e do índice do axuste polo imposto sobre o valor engadido, procederase a axustalos, permitindo, en todo caso, unha marxe diferencial, para efectuarlos axustes do ano en que se produzan as desviacións citadas.

TÍTULO III

Comisión coordinadora

CAPÍTULO ÚNICO

Comisión coordinadora

Artigo 67. *Comisión coordinadora.*

1. Constituirase unha comisión coordinadora, coa composición seguinte:

- a) Seis representantes da Administración do Estado.
- b) Seis representantes da Comunidade Foral designados polo Goberno de Navarra.

2. As competencias desta comisión coordinadora serán:

a) Realiza-los estudos que se xulguen procedentes para unha adecuada articulación estrutural e funcional do réxime foral co marco fiscal estatal.

b) Facilitarlles ás administracións competentes criterios de actuación uniformes, plans e programas de informática.

c) Examina-los supostos ou cuestións que se presentasen en materia de inspección entre a Administración do Estado e a da Comunidade Foral.

d) Emiti-los informes que sexan solicitados polo Ministerio de Facenda, o Departamento de Economía e Facenda do Goberno de Navarra e pola xunta arbitral.

e) Examina-los problemas de valoración para efectos tributarios.

f) Avalia-la adecuación da normativa tributaria ó convenio económico con carácter previo á súa aprobación.

Para estes efectos, cando, como consecuencia do intercambio de proxectos de disposicións normativas, se efectuasen observacións en relación coas propostas contidas neles, calquera de ámbalas administracións poderá solicitar, por escrito e de forma motivada, a convocatoria desta comisión, co fin de alcanzar un acordo sobre as posibles discrepancias existentes en relación co contido da normativa tributaria.

g) Resolve-las consultas que se presenten sobre a aplicación dos puntos de conexión contidos no convenio económico. A Administración receptora trasladará estas consultas á outra Administración para a súa análise, xunto coa proposta de resolución, no prazo de dous meses desde a súa recepción. No caso de que nos dous meses seguintes non se formulasen observacións sobre a proposta de resolución, esta entenderase aprobada. De existiren observacións, e en caso de que non sexan admitidas no prazo de quince días pola outra Administración, procederase á convocatoria da comisión coordinadora, quen, de non chegar a un acordo, a trasladará á xunta arbitral.

h) Determina-la achega económica, tanto do ano base como dos restantes de cada quinquenio, á que se refire o artigo 59, co fin de elevala a ámbalas administracións para a adopción do correspondente acordo.

i) Fixa-la actualización da cifra a que se refire a disposición adicional segunda para a súa aprobación por ámbalas administracións.

j) Establece-lo método para a cuantificación e liquidación dos axustes por impostos indirectos regulados nos artigos 65 e 66 deste convenio económico.

k) Cuantifica-la valoración anual, provisional e definitiva, do custo das competencias exercidas pola Comunidade Foral de Navarra en materia de policía.

l) Acorda-los compromisos de colaboración e coordinación en materia de estabilidade orzamentaria.

Para tal efecto, determinará o obxectivo de estabilidade orzamentaria para a Comunidade Foral de Navarra no prazo dun mes desde a aprobación por parte do Goberno do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas condicións establecidas no artigo 8.1 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, dando traslado deste ó Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas para o seu coñecemento.

Con anterioridade ó 1 de xuño de cada ano analizará o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do exercicio inmediato anterior.

Dentro dos prazos establecidos no artigo 8 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, comprobará a idoneidade das medidas contidas nos plans de saneamento elaborados pola Comunidade Foral de Navarra para a corrección das situacións de desequilibrio que, de se-lo caso, se puidesen presentar.

3. A comisión coordinadora reunirse, polo menos dúas veces ó ano, durante os meses de marzo e setembro e, ademais, cando así o solicite algunha das administracións representadas.

4. A comisión coordinadora poderá crear subcomisións para delegar nelas o exercicio das competencias contidas nas alíneas a), b), c), d), e), f) e g) do número 2 deste artigo. Estas subcomisións estarán formadas por tres representantes de cada Administración, e os acordos adoptados por elas terán eficacia desde o momento en que se tomen, sen prexuízo da súa posterior ratificación pola comisión coordinadora.

Disposición adicional primeira.

Apróbase a achega líquida definitiva de Navarra para o exercicio 2000, ano base do quinquenio 2000-2004, que figura no anexo 1 deste convenio económico.

A citada achega líquida fixouse segundo a situación real das competencias asumidas pola Comunidade Foral o 31 de decembro de 2000.

Disposición adicional segunda.

A cifra de seis millóns de euros a que se refiren os artigos 19 e 33 será actualizada, polo menos, cada cinco anos, conforme o disposto no artigo 67 deste convenio económico.

Disposición adicional terceira.

No caso de se producir unha reforma substancial no ordenamento xurídico tributario do Estado, ámbalas administracións procederán, de común acordo, á adaptación deste convenio ás modificacións que experimentasen os tributos convidados e á revisión, de se-lo caso, da achega líquida do ano base do quinquenio que corresponda, na forma e contía procedentes, con efectos a partir do ano en que entre en vigor a citada reforma.

Disposición adicional cuarta.

Ata que a Comunidade Foral dicte as normas necesarias para a aplicación deste convenio, relativas ós impostos especiais, imposto sobre o valor engadido,

imposto sobre as primas de seguros, imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos e imposto sobre a renda de non residentes, así como as normas para a exacción das taxas a que se refire o artigo 40, aplicaranse as normas vixentes en territorio común.

Disposición adicional quinta.

O Estado e a Comunidade Foral poderán acorda-lo financiamento conxunto de investimentos para realizar en Navarra, ou noutros territorios, cando a natureza ou características destas aconselle este tipo de financiamento.

Disposición adicional sexta.

Ámbalas administracións, de común acordo, establecerán anualmente, mediante a aplicación dun conxunto de módulos, a valoración do custo das competencias exercidas pola Comunidade Foral de Navarra en materia de policía, tendo en conta o seu exercicio efectivo.

Disposición adicional sétima.

As facultades de tutela financeira respecto ás entidades locais que en cada momento desempeñe o Estado en relación coa aplicación da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, corresponderanlle á Comunidade Foral, sen que isto poida significar, en ningún modo, un nivel de autonomía das entidades locais navarras inferior ó que teñan as de réxime común.

Disposición adicional oitava.

A partir do ano 2002, o financiamento das funcións e servicios traspasados á Comunidade Foral de Navarra en materias de asistencia sanitaria e servicios sociais terá o mesmo tratamento có resto de cargas asumidas, substituíndo así o réxime orzamentario establecido nos reais decretos 1680/1990, do 28 de decembro, e 1681/1990, do 28 de decembro.

Disposición transitoria primeira.

Para o quinquenio 2000-2004, o índice de imputación ó que se refire o artigo 57 deste convenio é o 1,60 por cento.

Disposición transitoria segunda.

Se en calquera dos anos que, durante a vixencia deste convenio económico, se deban considerar como ano base de quinquenio non se aprobase en prazo oportuno a achega líquida correspondente ó citado ano base, fíxase, para tal exercicio e, de se-lo caso, para os subseguintes, unha achega líquida provisional, conforme o establecido no número 3 do artigo 59 deste convenio económico.

As achegas líquidas provisionais así determinadas non serán obxecto de liquidación definitiva e serán regularizadas unha vez establecida a achega líquida definitiva do ano base do quinquenio correspondente.

Disposición transitoria terceira.

Durante o quinquenio 2000-2004, á recadación real de Navarra polo imposto sobre o valor engadido engadiránselle:

a) O 1,699 por cento da recadación estatal polo imposto sobre o valor engadido obtida nas aduanas.

b) O 0,314 por cento da recadación real do imposto sobre o valor engadido, excluída a das aduanas, obtida

en territorio común dividida por 0,92638, ou da recadación real de Navarra dividida por 0,01385, segundo que a porcentaxe de recadación de Navarra con respecto á total estatal, excluído o País Vasco, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 1,473 por cento.

Disposición transitoria cuarta.

1. Durante o quinquenio 2000-2004, á recadación real de Navarra polos impostos especiais de fabricación sobre o alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios, cervexa, hidrocarburos e elaborados do tabaco, engadiránselle:

a) 1. O 1,60 por cento da recadación estatal polos impostos sobre o alcohol e bebidas derivadas e produtos intermedios obtida nas aduanas.

2. Con signo negativo, o 4,30 por cento da recadación real polos impostos sobre o alcohol e bebidas derivadas e sobre produtos intermedios, excluída a das aduanas, obtida en territorio común dividida por 0,941, ou da recadación real de Navarra dividida por 0,059, segundo que a porcentaxe de recadación de Navarra con respecto á total estatal, excluída a obtida nas aduanas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 5,90 por cento.

b) 1. O 1,60 por cento da recadación estatal polo imposto especial sobre a cervexa obtida nas aduanas.

2. Con signo negativo, o 0,50 por cento da recadación real do imposto especial sobre a cervexa, excluída a das aduanas, obtida en territorio común dividida por 0,979, ou da recadación real de Navarra dividida por 0,021, segundo que a porcentaxe de recadación de Navarra con respecto á total estatal, excluída a obtida nas aduanas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 2,10 por cento.

c) 1. O 2,00 por cento da recadación estatal polo imposto especial sobre hidrocarburos obtida nas aduanas.

2. Con signo negativo o 0,71 por cento da recadación real do imposto especial sobre hidrocarburos, excluída a das aduanas, obtida en territorio común dividida por 0,9729, ou da recadación real de Navarra dividida por 0,0271, segundo que a porcentaxe de recadación de Navarra con respecto á total estatal, excluída a obtida nas aduanas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ó 2,71 por cento.

d) A diferenza entre o resultado de lle aplicar á recadación real no territorio común polo imposto sobre os elaborados do tabaco a porcentaxe que corresponda anualmente ó valor dos elaborados subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en Navarra, sobre o valor dos elaborados subministrados a estes establecementos no territorio de aplicación deste imposto, e o resultado de aplica-lo complementario a cen da porcentaxe anteriormente definida á recadación real polo mesmo concepto tributario en Navarra.

No suposto de que se modifique o actual réxime de fabricación e comercio de elaborados do tabaco, ámbalas administracións procederán, de común acordo, á revisión deste axuste.

2. No caso de que a recadación real obtida en Navarra difira, polo imposto sobre hidrocarburos, en máis do 7 por cento e, polos impostos especiais sobre alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios e cervexa, en máis do 10 por cento da cifra que resulte de aplica-los índices contidos no último inciso das alíneas a).2, b).2, e c).2 anteriores á recadación real do conxunto do Estado por cada un deles, corríxiranse tales índices para efectua-los axustes do ano en que se produzan as diferenzas citadas.

Esta corrección realizarase por aplicación da porcentaxe de variación, positiva ou negativa, que exceda sobre os respectivos límites establecidos no parágrafo anterior ós correspondentes índices contidos no último inciso das alíneas a).2, b).2, e c).2 anteriores.

Disposición transitoria quinta.

As normas contidas na sección 3.^a do capítulo II e sección 1.^a do capítulo III, do título I, serán de aplicación ós exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Disposición transitoria sexta.

Os tributos devengados con anterioridade á entrada en vigor deste convenio económico rexeranse polos puntos de conexión vixentes no momento do seu devengo.

Esta mesma regra aplicarase respecto das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados cando o nacemento da obriga de reter, ingresar á conta ou de realiza-lo pagamento fraccionado se producise, así mesmo, con anterioridade á entrada en vigor deste convenio económico.

Os procedementos non finalizados á entrada en vigor deste convenio económico rexeranse pola normativa vixente no momento do seu inicio.

Disposición transitoria sétima.

O réxime transitorio dos novos tributos convidados axustarase ás regras seguintes:

1.^a A Comunidade Foral subrogarase nos dereitos e obrigas, en materia tributaria, da Facenda Pública Estatal, en relación coa xestión, inspección, revisión e recadación dos tributos a que se refire a presente disposición.

2.^a As cantidades liquidadas e contraídas con anterioridade á data desde a que se entenden convidados os tributos a que se refire a presente disposición, correspondentes a situacións que estivesen suxeitas á Comunidade Foral de teren estado convidados estes tributos, e que se ingresen con posterioridade á mencionada data, corresponderánlle na súa integridade á Comunidade Foral.

3.^a As cantidades devengadas con anterioridade á data desde a que se entenden convidados os tributos a que se refire esta disposición, e liquidadas a partir desa data en virtude de actuacións inspectoras, distribuiranse aplicando os criterios e puntos de conexión destes tributos.

4.^a Cando proceda, as devolucións correspondentes a liquidacións practicadas ou que se debesen practicar, con anterioridade á data desde a que se entenden convidados os tributos a que se refire a presente disposición, serán realizadas pola Administración que fose competente na data do devengo, conforme os criterios e puntos de conexión destes tributos.

5.^a Os actos administrativos dictados pola Comunidade Foral de Navarra serán reclamables en vía administrativa foral ante os órganos desta. Pola contra, os dictados pola Administración do Estado, calquera que sexa a súa data, serán reclamables ante os órganos competentes do Estado.

Non obstante, o ingreso correspondente atribuirase á Administración que resulte acreedora de acordo coas normas contidas nas regras anteriores.

6.^a Para os efectos da cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, terán plena validez e eficacia os antecedentes que sobre o particular consten na Facenda Pública Estatal con anterioridade á entrada en vigor da harmonización dos tributos a que se refire a presente disposición.

7.^a A entrada en vigor da harmonización dos tributos a que se refire a presente disposición transitoria non prexudicará os dereitos adquiridos polos contribuíntes conforme as leis dictadas con anterioridade a esta data.

Disposición transitoria oitava.

O réxime tributario aplicable ás agrupacións de interese económico e ás unións temporais de empresas constituídas con anterioridade á entrada en vigor deste convenio económico será o correspondente á Comunidade

Foral, cando non superen o ámbito territorial desta e estean suxeitas á lexislación fiscal foral.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I

Determinación da achega de Navarra do ano base 2000

Concepto	Miles de pesetas
Orzamento do Estado. Gastos Cargas exercidas por Navarra	23.176.259.727
Ministerios e entes territoriais (*)	12.424.709.039
Total cargas non asumidas	10.751.550.688
Achega íntegra 10.751.550.688 × 0,0160	172.024.811
Compensacións:	
Por tributos non convidados 508.497.000 × 0,0160	— 8.135.952
Por outros ingresos non tributarios 1.378.331.602 × 0,0160	—22.053.306
Por déficit orzamentario 4.320.137.727 × 0,0160	—69.122.204
Por impostos directos convidados	—12.657.747
	111.969.209
Achega líquida do ano base Achega líquida do ano base en miles de euros.	60.055.602 360.941,44

(*) Este importe inclúe 4.225.788.438 miles de pesetas correspondentes ó traspaso de INSALUD, 475.474.625 miles de pesetas polo traspaso de IMSERSO e 250.000.000 miles de pesetas como valoración en materia de policía.

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

14326 REAL DECRETO 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrucción técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións. («BOE» 170, do 17-7-2003.)

A Instrucción técnica complementaria (ITC) «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobada pola Orde do 28 de xuño de 1988, recolle os requisitos constructivos esixibles ós guindastres torre desmontables para obra, estable

cendo a obrigatoriedade de aplicación da norma UNE 58-101-80, parte I. Así mesmo, establece as condicións aplicables a tódolos guindastres torre, en canto á montaxe, utilización e inspeccións periódicas, tanto ós comercializados de acordo coa regulamentación nacional como aqueles que posteriormente foron fabricados de acordo co Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, modificado polo Real decreto 56/1995, do 20 de xaneiro, de transposición da Directiva 89/392/CEE do Consello, sobre máquinas e as súas sucesivas modificacións.

Dada a experiencia adquirida desde a aplicación da ITC, parece aconsellable revisar certos aspectos recollidos nela, polo que se modifica a redacción dalgúns puntos, se fixan criterios para a realización das inspeccións e se actualizan as referencias das normas recollidas nela.

Así mesmo, os reais decretos de transposición da directiva de máquinas mencionada obrigan a introducir algunhas modificacións no articulado, co fin de ter en conta a existencia de guindastres fabricados e comer-